



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 7 de decembro de 2018**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez.
D. Carlos López Font.
M^a José Caride Estévez.
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez.
D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez.
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego.
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez.

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día sete de decembro de dous mil dezaioito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, a interventora xeral adxunta, Sra. Gómez Corval, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1411).- ACTA ANTERIOR. Apróbanse as actas das sesións ordinaria e extraordinaria e urxente do 22 de novembro e extraordinaria e urxente do 23 de novembro de 2018. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(1412).- PROPOSTA DE INCOACIÓN DE EXPEDIENTE DE RESOLUCIÓN DA CONCESIÓN DO LOTE 2 PARA A CONSTRUCIÓN E EXPLOTACIÓN DE APARCADOIROS SUBTERRÁNEOS DE USO MIXTO NA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 6258/241.

Dáse conta do informe-proposta do 03/12/18, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, e polo concelleiro delegado de Área, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RS).
- Prego de cláusulas técnicas e administrativas do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo de data 14 de agosto de 2006 (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas que rexerá no concurso para a adxudicación por procedemento aberto dun contrato de xestión de servizos públicos con execución de obra para a construción e posterior explotación, en dous lotes de tres, de seis aparcadoiros mixtos (rotatorio e residentes) en diferentes lugares da cidade de Vigo (PPT).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPA).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 14 de agosto de 2006, a Xunta de Goberno Local (en adiante, XGL) acordou aprobar o expediente de contratación do concurso para a xestión, mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade, os pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas que rexen ó mesmo, así como o anteproxecto de explotación e das obras, e dispuxo a apertura do procedemento de adxudicación.

Segundo.- En data 21 de maio de 2007, a XGL acordou adxudicar o lote 1 do citado procedemento á Unión Temporal de Empresas formada por Eloymar, S.A. e Tranvías Eléctricos de Vigo, S.A, e o lote 2 a Puentes y Calzadas Grupo de Empresas, S.A. Este lote abarca os aparcamentos das rúas Jenaro de la Fuente, Castelao e Rosalía de Castro, así como un aparcadoiro de uso exclusivo de residentes anexo a este último.

Terceiro.- En data 21 de xuño de 2007, D. Luis García Vegazo, actuando en nome e representación de PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., presentou escrito no que, tras recordar o seu compromiso de constituír unha sociedade concesionaria unipersonal de resultar adxudicatario, solicita que "se complete el acuerdo de la Junta de Gobierno Local de 21 de mayo de 2007, en el sentido de precisar que si bien la adjudicación del lote 2 del concurso es a PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., esta constituirá una sociedad concesionaria, unipersonal, a la que aportará el capital



Concello de Vigo

comprometido, y con la que se otorgará el contrato adjudicado. Su denominación será COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A.”.

Cuarto.- En data 6 de agosto de 2007, a Xunta de Goberno Local, en resposta á solicitude do concesionario mencionada no antecedente anterior, adoptou o seguinte acordo: “Entender que o acordo adoptado pola Xunta de Goberno local de 21 de maio de 2007 polo que adoptouse a adxudicación da concesión do servizo publico de redacción de proxectos de construción e explotación dos aparcamentos subterráneos do denominado lote 2 a Puentes y Calzadas S.A. é extensivo a Cocheras Olivicas de Puentes S.A. (Unipersoal) por así constar na proposición gañadora do concurso”.

Quinto.- En data 10 de outubro de 2007 formalizouse o contrato con COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A.

Sexto.- En data 29 de outubro de 2007, D. Pablo Couto López, en nome e representación de COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A, solicita que se autorice a execución simultánea dos traballos de construción dos aparcadoiros subterráneos das rúas Jenaro de la Fuente e Castelao. A mesma foi autorizada pola XGL en data 18 de febreiro de 2008.

Sétimo.- En data 9 de novembro de 2007, D. Pablo Couto López, en nome e representación de COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A, solicita do órgano de contratación determinadas modificacións das trazas dos aparcadoiros obxecto da concesión da que a súa representada é titular, que foron aprobadas pola XGL en data 18 de febreiro de 2008.

Oitavo.- En data 2 de xuño de 2008, por resolución da XGL se procede á aprobación definitiva dos proxectos construtivos dos aparcadoiros subterráneos das rúas Jenaro de la Fuente, Castelao e Rosalía de Castro, así como do aparcadoiro de uso exclusivo de residentes anexo a este último.

As actas de comprobación de replanteo firmáronse en datas 11 de xuño de 2008 (Jenaro de la Fuente), 18 de xuño de 2008 (Castelao) e 29 de setembro (Rosalía de Castro e Anexo de Residentes).

A construción dos aparcadoiros de Jenaro de la Fuente, Castelao e o anexo a Rosalía de Castro de residentes comezou o día seguinte da firma da acta de comprobación do replanteo.

A construción do aparcadoiro de residentes de Rosalía foi paralizada pola mercantil concesionaria sen solicitar autorización á administración municipal nin dar conta das súas causas.

Noveno.- O aparcadoiro da Rúa Rosalía de Castro se sitúa no contorno do xacemento arqueolóxico Pontevedra-Areal, encadrado na categoría de ben catalogado no planeamento municipal, e que forma parte do inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia. En consecuencia, a Consellería de Cultura da Xunta de Galicia ten que autorizar calquera intervención que lle afecte. Así, unha vez aprobado o proxecto polo órgano de contratación, solicitouse autorización á Delegación Provincial de Pontevedra da Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia para a súa execución.

Antes de informar o proxecto do aparcadoiro, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, en resolución de data 21 de novembro de 2008, ordenou a realización de sondaxes arqueolóxicas, e unha vez rematadas as mesmas, dado que se tiñan encontrado diversos restos arqueolóxicos ordenou unha ampliación das mesmas.

Décimo.- En data 14 de maio de 2009, D. Alejandro Amoedo Martínez, en nome e representación de COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A., ante estas dificultades e co fin de evitar maiores gastos para a realización dunhas sondaxes sen ter garantida a realización do aparcadoiro coa traza prevista, circunstancia que solo podería ser determinada á vista dos resultados das mesmas, solicita ó órgano de contratación a modificación da traza do aparcadoiro reducíndoa, deixando fora da mesma o tramo da rúa Rosalía de Castro comprendido entre as rúas Oporto e Canceleiro, o que evitaría a realización da escavación en área.

Undécimo.- En data 4 de decembro de 2009, a XGL, á vista de que o cambio de traza solicitado non implicaría custe económico para a facenda municipal por mor da renuncia formulada pola concesionaria, e en aras do seu deber de colaboración coa mesma, acordou a aprobar a modificación e solicitoulle a presentación dun novo proxecto construtivo conforme coa nova traza.

Duodécimo.- En data 15 de decembro de 2009, D. Gonzalo Vázquez Rodríguez, actuando en nome e representación de COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A., presenta no Rexistro xeral deste Concello o proxecto modificado do aparcadoiro de uso mixto da rúa Rosalía de Castro. Detectado un erro no mesmo, en xaneiro de 2010, presenta unha separata ó proxecto modificado.

Décimo terceiro.- En data 4 de novembro de 2010, a Xunta de Goberno Local, tras aprobar as actas de comprobación dos aparcadoiros subterráneos da rúa Jenaro de la Fuente e da Avenida Castelao, acordou autorizar a COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A., a apertura ó servizo público dos mesmos.

Décimo cuarto.- No mesmo ámbito que os aparcadoiros de Rosalía de Castro, se estaba desenvolvendo a Unidade de Actuación I-06 Rosalía de Castro 2. O PCAP, co obxecto de evitar obras continuas en lugares próximos determina que “os aparcadoiros de (...) Rosalía de Castro e Anexo construíranse ó mesmo tempo que os Proxectos de Urbanización deses ámbitos a executar polas respectivas Xuntas de Compensación” e impón a necesaria coordinación entre ambos. No entanto, debido o retraso que acumulaba o inicio das obras do aparcamento e a paralización do de residentes, a Xunta de Compensación, coa autorización municipal, procedeu a urbanizar o tramo da rúa Rosalía de Castro comprendido entre as rúas Serafín Avendaño e García Barbón.

Á vista desta circunstancia, a concesionaria, pola súa propia iniciativa, sen rematar a tramitación necesaria para a aprobación do proxecto citado no antecedente duodécimo, presenta un novo proxecto en data 2 de agosto de 2011, que contemplaba unha nova redución de prazas.

Este proxecto proxecto construtivo foi remitido á Consellería de Medio Ambiente, territorio e infraestruturas. O xefe territorial, en resolución de data 13 de febreiro de 2012, determina que “a actividade de construción de aparcadoiro solicitado por COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A., ten a necesidade de sometemento ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental regulado no Decreto 133/2008, de 12 de xuño”.

Décimo quinto.- En data 20 de abril de 2012, a Xunta de Goberno Local, a solicitude do concesionario a consecuencia da baixa afluencia de público nesas horas, acorda “Autorizar o peche nocturno do aparcadoiro da Avenida de Castelao de 23 a 7 horas”.

Décimo sexto.- En data 8 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local, acordou someter o proxecto do aparcadoiro de Rosalía de Castro mencionado no antecedente décimo cuarto



Concello de Vigo

ó procedemento de avaliación de incidencia ambiental con carácter previo á súa aprobación. Neste mesmo acordo resolve denegar a solicitude de reequilibrio económico financeiro da concesión, formulada por COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A., e requirirlle a reanudación, no prazo dun mes, da construción do aparcadoiro de residentes anexo ó aparcadoiro de uso mixto da rúa Rosalía de Castro con apercibimento de imposición de penalidades en caso de incumprimento.

Décimo sétimo.- En data 18 de decembro de 2012, D. Constantino Seara Seara, en nome e representación de COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A., solicita que se declare a resolución do contrato de concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto nas rúas Rosalía de Castro, Jenaro de la Fuente e Avenida Castelao, por causas sobrevidas e imprevisibles que fan inviable a súa execución, e se proceda a liquidación do contrato e o posterior pago das inversións realizadas e da indemnización correspondente ó importe da prestación deixada de realizar polo concesionario. Esta resolución é denegada por acordo da XGL de data 19 de abril de 2013.

Contra este acordo COCHERAS interpuxo recurso contencioso-administrativo, que foi desestimado por sentenza nº 58 do 25/03/2014 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo.

Esta sentenza foi apelada (rec. 4292/2014) ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e a Sala do Contencioso-Administrativo, na súa sentenza nº 757 do 02/10/2014 confirmou a de instancia.

Décimo oitavo.- O xulgado do mercantil número 2 de A Coruña, en auto de data 23 de xaneiro de 2015, declarou en concurso voluntario de acredores á mercantil COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A. Deste auto tomou coñecemento a Xunta de Goberno Local en data 26 de marzo de 2015.

Décimo noveno.- Á vista da situación plantexada polo concurso da sociedade instrumental creada para a xestión dunha concesión de servizo público municipal, o órgano de contratación, entre as medidas adoptadas, en data 17 de abril de 2015, acordou “a realización dun estudo técnico sobre as necesidades que demande o interese público en relación co servizo público de aparcamento para avaliar o obxecto e condicións do contrato”.

En cumprimento deste acordo, solicitouse informe ó Interventor Xeral do Concello e a un terceiro independente alleo á Administración municipal, a empresa consultora SEIXAS CONSULTORA, S.L , que foron emitidos en datas 12 de maio e 19 de xuño de 2015, respectivamente. Dos devanditos informes desprendese a inviabilidade da concesión nos termos nos que foi adxudicada, e a necesidade de acometer unha modificación da mesma que reequilibre a economía do contrato.

Vixésimo.- En data 26 de xuño de 2015, a XGL, acordou iniciar un procedemento para a modificación do contrato. Este acordo someteuse á condición suspensiva de finalización do procedemento concursal sen liquidación de COCHERAS (punto 5º), así como o cumprimento dos seguintes requisitos por PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A. (punto 2º):

1. Levar ó contrato a unha situación de cumprimento, con relación os seus compromisos de financiamento de conformidade co contido da súa oferta “sobre 2 tomo 0 ; 3.2 Detalle de las fuentes de financiación”, consonte requiríuselle no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en data 17 de abril de 2015.

2. Incrementar o capital social de COCHERAS OLÍVICAS ata a cifra prevista no artigo 5 dos seus Estatutos Sociais, o 10% do custo do investimento directo na concesión.
3. Achegar a contía de 1.675.000 euros para solventar a situación de falta de liquidez de tesourería de COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A, que posibilite a viabilidade financeira da concesión.
4. Renunciar ao lucro cesante que deixará de percibir como consecuencia da modificación do contrato, por mor da non construción do aparcadoiro de Rosalía de Castro I, que se cifra, segundo o exposto no fundamento xurídico VI, en 1.722.000 euros.

Vixésimo primeiro.- En auto de 19 de novembro de 2015, o xulgado do mercantil número 2 de A Coruña decretou a conclusión do concurso “porque ya no existe la situación de insolvencia”, consecuencia do cumprimento por parte do concesionario, PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., das súas obrigas contractuais de capitalizar a COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A.U., e solventar a falta de liquidez da súa tesourería.

Vixésimo segundo.- En data 27 de novembro de 2015, D. Constantino Seara Seara, en nome e representación de PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., e COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A.U., presentou escrito manifestando:

1. A conclusión do concurso de acredores de COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A.U., decretada en auto do Xulgado do Mercantil 2 de A Coruña, de data 19 de novembro de 2015.
2. O cumprimento dos requisitos previos para a continuación da tramitación da modificación relativos a:
 - Capital social. Para dar cumprimento os requisitos 1 e 2 do punto 2º do acordo da XGL de 26.06.2015 aumentouse o capital social de COCHERAS a 4.130.089. Extremo que acredítase con copia da escritura pública de elevación a público do acordo social de ampliación de capital.
 - Tesourería. Acredita a achega de 1.675.000 euros á tesourería de COCHERAS axuntando copias compulsadas da escritura da constitución de préstamo participativo por PUENTES e COCHERAS, en data 25 de novembro de 2015, así como do movemento bancario que acredita a transferencia desta cantidade nunha conta corrente de COCHERAS.
 - Renuncia ó lucro cesante que deixará de percibir como consecuencia da modificación do contrato e que se cifra, segundo o citado acordo en 1.722.000 euros.

Vixésimo terceiro.- En data 4 de marzo de 2016, a XGL acordou tomar coñecemento da proposta de modificación e, previamente á adopción do acordo de modificación, remitir o expediente ó Consello Consultivo de Galicia para a emisión de ditame preceptivo, de conformidade co previsto no artigo 102.1 da Lei 30/1992 e na Lei 3/2014, de 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia.



Concello de Vigo

En data 11 de maio de 2016, o Consello Consultivo de Galicia, no ditame nº82/2016, informa desfavorablemente a proposta de modificación do contrato. Á vista do mesmo, o Concello de Vigo optou por non continuar coa tramitación da modificación do contrato.

Vixésimo cuarto.- En auto de data 20 de abril de 2017, o xulgado do mercantil número 1 de A Coruña, declarou en concurso voluntario de acredores á mercantil COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A. No mesmo auto nomease administradora concursal á sociedade RIVAS & MONTERO BUFETE DE ABOGADOS, S.L.P. (agora denominada ARISTEIA ABOGADOS, S.L.P., en adiante, ARISTEIA ou a administradora concursal).

En auto de data 7 de xuño de 2017, o citado xulgado acordou, no seo do procedemento concursal, a apertura da fase de liquidación do contrato.

Vixésimo quinto.- En data 20 de xuño de 2017, D. Cristina Pedrosa Leis, en nome e representación de ARISTEIA, insta a este Concello a que proceda á resolución administrativa e liquidación da citada concesión, de conformidade coa lexislación de aplicación. Así mesmo, pon os aparcadoiros a disposición do Concello, requiríndolle para que os reciba canto antes, e en todo caso, no prazo máximo dun mes. Esta solicitude de resolución foi denegada por acordo da XGL de 10 de agosto de 2017. Este acordo foi impugnado pola administradora concursal, que interpuxo recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, proceso que aínda atópase sub iudice.

Vixésimo sexto.- En auto do Xulgado do Mercantil nº 1 da Coruña de data 16 de Febreiro de 2018, acordase o cese da actividade empresarial da mercantil COCHERAS

OLÍVICAS DE PUENTES, S.A.U., así como a pechadura das oficinas, establecementos ou explotacións de que fose titular. Á vista do mesmo, o órgano de contratación requiriu a PUENTES, en data 1 de marzo de 2018, acordou requirir a PUENTES, para que no prazo dun mes a contar desde a recepción da resolución, continuase coa xestión da citada concesión, apercibíndolle de que en caso contrario, esta Administración procedería a resolución do contrato por incumprimento grave das súas obrigas esenciais ou a declarar a caducidade da mesma, segundo proceda". Este acordo foi notificado ao concesionario en data 2 de marzo.

Vixésimo sétimo.- En data 5 marzo de 2018, a XGL acordou aprobar o Plan económico-financieiro da concesión do servizo publico dos aparcadoiros situados na rúa Jenaro de la Fuente e Avenida de Castelao elaborado por Seixas Invest. S.L., e presentado na data 27 de decembro de 2017, o expediente de contratación relativo á citada concesión e abrir a licitación da mesma. Na actualidade esta licitación non rematou.

O PCAP somete a formalización deste contrato á condición suspensiva na súa cláusula 60.

Vixésimo oitavo.- En data 16 de marzo de 2018, a Administradora concursal comunicou por correo electrónico a esta Administración o peche dos aparcadoiros en data 31 de marzo de 2018, en cumprimento do citado auto do xulgado do mercantil número 1 de A Coruña de 16 de febreiro de 2018.

Vixésimo noveno.- En data 23 de marzo de 2018, D. Carlos Paz Costas, en nome e representación de PUENTES Y CALZADAS, S.A., presenta escrito de alegacións no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia, e que ten entrada no Rexistro do Concello de 2 de abril de 2018.

O mesmo comeza cunha exposición dos antecedentes e continúa formulando alegacións que podemos sintetizar nas dous seguintes:

- 1.** Considera que o concesionario é COCHERAS OLIVICAS DE PUENTES. Para reforzar os seus argumentos relaciona exemplos de supostos similares, a saber, as autopistas radiais e o Pazo de Congresos de Vigo.
- 2.** Que o contrato foi resolto por ministerio da lei coa apertura da fase de liquidación, e en consecuencia non pode ser resolto de novo.

Se contestará a mesmas ao fío da exposición que se realizará nos fundamentos xurídicos. A primeira no fundamento xurídico segundo. E a segunda no fundamento xurídico sétimo.

Trixésimo.- En data 27 de marzo de 2018, a XGL acordou:

“1º.- Declarar o incumprimento de PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., titular da concesión de servizo para a construción, por acordo da Xunta de Goberno Local (no sucesivo XGL) de data 21 de maio de 2007, da súa obriga de explotación dos aparcadoiros, polos motivos expostos no fundamento xurídico terceiro do presente informe.

2º.-Asumir temporalmente a execución directa do servizo público de explotación dos aparcadoiros subterráneos de uso mixto situados nas rúas Jenaro de la Fuente e Avenida Castelao, consonte ao disposto no artigo 127.1.3ª RSCL.

3º.- Continuar, a partir do 1 de abril de 2018, e nas mesmas condicións, cos contratos que actualmente están en vigor celebrados por COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A., cos seguintes subcontratistas:

- Contrato de data 20 de outubro de 2010, celebrado con Eulen, S.A., para os servizos de xestión de aparcamentos. O importe mensual deste contrato é de 21.221,06 euros.
- Contratos de datas 18 de novembro de 2010 e de 9 de marzo de 2015 celebrados con Prosegur Transportes de Valores, S.A., que ten por obxecto o servizo de recollida de efectivo nos aparcadoiros de Jenaro e Castelao respectivamente. O importe mensual medio neste ano é de 280,50 euros.
- Contratos de data 1 de abril de 2015 celebrados con Parkare Group, S.L., de mantemento de equipos para os aparcadoiros de Jenaro de la Fuente e Castelao. O importe mensual deste contrato é de 1.211,95 euros.
- Contratos de data 1 de novembro de 2012 celebrados con Indra Sistemas, S.A., de mantemento de instalacións eléctricas, ventilación forzada, protección de incendios e detección de monóxido de carbono. O importe mensual deste contrato é 600 euros.
- Contratos de data 10 de marzo de 2010 celebrados con Orona, Sociedad Cooperativa, de mantemento dos aparatos elevadores dos aparcadoiros sitios na avenida de Castelao e na rúa Jenaro de la Fuente. O importe mensual deste contrato é de 323,02 euros.

4º.- Autorizar o gasto para facer fronte a continuidade dos citados contratos no



Concello de Vigo

apartado anterior no mes de abril de 2018 para o cal existe consignación presupostaria na aplicación de nova creación 44122279900 “Financiamento aparcamentos Jenaro de la Fuente e Castelao”.

5º.- Continuar cos contratos de subministracións de auga e electricidade aos aparcadoiros celebrados por COCHERAS OLIVICAS DE PUENTES, S.A.

6º.- Incoar expediente para determinar se procede declarar a resolución do contrato por incumprimento grave do concesionario das súas obrigas esenciais, ou, no seu caso, declarar a caducidade da concesión.

7º.- Dar traslado do presente acordo aos interesados con indicación de que o presente acordo é definitivo en vía administrativa”.

Este acordo foi obxecto dunha corrección material de erros na sesión da XGL de 14 de maio de 2018 . No punto 3º apartado 4º onde di 1.211,95 € debería dicir 1.466,46 €.

Trixésimo primeiro.- En data 30 de marzo de 2018, D. Cristina Pedrosa Leis, en nome e representación de ARISTEIA, procedeu a entregar os aparcadoiros de Jenaro de la Fuente e Castelao ao Concello de Vigo, que na actualidade está a xestionar os mesmos. As actas de recepción dos mesmos incorporanse sendos informes do sr. xefe de Vías e Obras e Infraestruturas, sobre o estado dos citados aparcadoiros.

Trixésimo segundo.- En data 28 de xuño de 2018, a XGL acordou:

“1º.- Incoar expediente para declarar a resolución do lote 2 da concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade, adxudicado por acordo deste órgano a Puentes y Calzadas Grupo de Empresas, S.A., en data 21 de maio de 2007, por incumprimento das súas obrigas esenciais polo concesionario, consonte ao argumentado no corpo deste escrito.

2º.- Notificar este acordo a Puentes y Calzadas Grupo de Empresas, S.A., concedéndolle un prazo de trámite de audiencia de dez días naturais para formular alegacións”.

Trixésimo terceiro.- En data 20 de xullo de 2018, D. Carlos Paz Costas, en nome e representación de PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., presenta escrito de alegacións no Rexistro Xeral deste Concello.

Trixésimo cuarto.- En data 15 de novembro de 2018, a XGL acordou:

“1º.- Declarar a caducidade do expediente incoado por este órgano de contratación, mediante acordo de 28 de xuño de 2018, para declarar a resolución do lote 2 da concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade, adxudicado por acordo deste órgano a Puentes y Calzadas Grupo de Empresas, S.A., en data 21 de maio de 2007, por incumprimento das súas obrigas esenciais polo concesionario.

2º.- Proceder a o arquivo do expediente, de conformidade co establecido no artigo 95 da LPAC.

3º.- Notificar este acordo ó interesado, con indicación expresa dos recursos procedentes”.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Natureza do contrato e lexislación aplicable

A concesión de servizo público para a construción e explotación de aparcadoiros subterráneos de uso mixto nas rúas Rosalía de Castro, Jenaro de la Fuente e Avenida Castelao, adxudicada por acordo da Xunta de Goberno Local (no sucesivo XGL) de data 21 de maio de 2007 á PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., pode cualificarse como contrato de xestión de servizo público.

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación á aplicar a este contrato. Os contratos se rexen, en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir:

- Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RS).

Este contrato é definido pola lexislación contractual que resúltalle de aplicación como aquel mediante o cal as Administracións Públicas encomendan a unha persoa, natural o xurídica, a xestión dun servizo público (artigo 154.1 LCAP).

A súa regulamentación específica está contida no título II do libro II da LCAP e no Regulamento de servizos das corporacións locais. Tamén lle serán de aplicación os preceptos establecidos na LCAP para o contrato de concesión de obras públicas (título V do libro II), por imperativo do artigo 158.2 LCAP, por comprender tamén a execución de obras.

-II-

Do titular da concesión

No escrito de alegacións citado antecedente trixésimo, PUENTES nega a súa condición de adxudicatario, se ben para xustificalo se limita:

- A citar o xiro lexislativo da normativa de contratación, que dende a lei 30/2007, considera que os contratos se perfeccionan coa formalización.
- Pon en dúbida que a natureza desta concesión sexa de xestión de servizos públicos, pois considera que dadas as súas características é de obra pública. Se ben recoñece que esta cuestión é indiferente por canto a lei admite a posibilidade de constituír unha sociedade instrumental para a xestión das concesións de servizos públicos.
- Manifesta que no contrato non hai alusión algunha a PUENTES, senón a COCHERAS, que foi quen constituíu a garantía definitiva para responder do contrato.



Concello de Vigo

- E remata afirmando que, dado que o PCAP no seu artigo 10 só permite outorgar o contrato a unha soa persoa ou entidade, operada a substitución de PUENTES por COCHERAS, esta deviu titular da concesión e dos dereitos e obrigas que dela se deriven.

Analizaremos a continuación cada unha destas cuestións.

O contrato que nos ocupa foi adxudicado a un grupo empresarial, PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A. O adxudicatario manifestou na Memoria incluída no sobre 2 (apartado 3), no Plan Económico Financeiro (subapartado 3.2), a súa intención de constituír unha sociedade unipersoal para a xestión da concesión en caso de resultar adxudicatario. Consecuentemente, unha vez adxudicado o contrato, a entidade adxudicatario do contrato constituíu a sociedade anónima unipersoal, COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A., cun capital social de 61.000 euros e solicitou á Administración a autorización de formalización do contrato con esta sociedade.

A lexislación pola que se rexe este contrato permitía que o adxudicatario dunha concesión de obra pública puidese constituír unha sociedade ad-hoc para a explotación da mesma. Esta posibilidade foi introducida pola Lei 13/2003, de 23 de maio, reguladora do contrato de concesión de obras públicas, nos artigos 230 e 232.3 do TRLCAP.

Pero o contrato que nos ocupa non é unha concesión de obra pública senón de xestión de servizo público con obra. O PCAP que o regula non prevé a posibilidade de constituír unha sociedade concesional para a explotación da concesión, e en consecuencia non a regula, se ben esta figura resulta admisible a teor do disposto nos artigos 156.a e 232.3 do TRLCAP.

Consecuentemente, dado que o adxudicatario da concesión na súa oferta manifestou a súa vontade de constituíla e solicitou a esta Administración a formalización do contrato coa mesma, a XGL tomou razón da constitución deste sociedade instrumental e acordou a extensión dos efectos da adxudicación do contrato á mesma, formalizándose o contrato con ela.

Máis esta extensión de efectos non implica que esta Administración teña atribuído en ningún momento a cualidade de concesionario a esta sociedade instrumental, senón que sempre considerou concesionario a PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A.

Avalaría esta tese o feito de que, os contratos, de acordo coa lexislación pola que se rexe o presente, se perfeccionan coa súa adxudicación (artigo 53 TRLCAP). En consecuencia, o adxudicatario deste contrato non é COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, senón, a tenor do acordo de adxudicación, PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A.

Así o recoñece o propio concesionario en escrito de 21 de xuño de 2007, no que tras recordar o seu compromiso de constituír unha sociedade concesionaria unipersoal de resultar adxudicatario manifesta que “procede se complete el acuerdo de la Junta de Gobierno Local de 21 de mayo de 2007, en el sentido de precisar que **si bien la adjudicación del lote 2 del concurso es a PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A.**, esta constituirá una sociedad concesionaria, unipersonal, a la que aportará el capital comprometido, y con la que se otorgará el contrato adjudicado. Su denominación será COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A.”, solicitándoo así ó órgano de contratación.

Avala tamén esta interpretación a circunstancia de que COCHERAS nunca ten sido unha sociedade diferente de PUENTES. Sempre existiu confusión entre a sociedade matriz e a instrumental, motivada por circunstancias tales como:

- Que PUENTES é socio único de COCHERAS.
- Que PUENTES é o seu administrador único.
- O apoderado de ambas empresas é o mesmo.
- COCHERAS nunca tivo persoal propio.
- O seu domicilio social é o de PUENTES.
- A construción dos aparcadoiros foi realizada polo propio grupo PUENTES, en concreto por PUENTES INFRAESTRUCTURAS.

O problema que representan as sociedades concesionais que se constitúen con forma de sociedade de responsabilidade limitada ou de sociedade anónima, é que posúen un escaso capital social con relación á sociedade matriz, pois a lei non fixa un capital mínimo as mesmas, polo que é frecuente que se lles dote do capital mínimo esixido pola Lei para este tipo de sociedades mercantís.

En virtude do interese público subxacente aos contratos públicos, a nosa lexislación contractual esixe aos licitadores, ademais de posuír personalidade xurídica e plena capacidade de obrar, unhas condicións mínimas de solvencia económica e financeira e profesional ou técnica que garantan a boa execución do contrato (artigo 15 TRLCAP e 62 TRLCSP). Así, o artigo 15 TRLCAP determina que “Poderán contratar coa Administración as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, requisito este último que será substituído pola correspondente clasificación nos casos en que con arranxo a esta lei sexa esixible. Especificando o artigo 16 (artigo 75 TRLCSP) os medios de acreditar a solvencia económica ou financeira e os artigos 17 a 19 (artigos 76 a 79) os medios de acreditación da solvencia técnica ou profesional en cada tipo de contrato.

Non tería sentido e resultaría contradictorio que a lexislación impoña as Administracións públicas para contratar, a obriga de esixir os licitadores, ademais de capacidade, unha determinada solvencia para ser admitidos nunha licitación, e que unha vez adxudicado o contrato, permita que o adxudicatario constitúa unha sociedade instrumental para xestionar a concesión outorgada, que como novo suxeito de dereito, non é posible que posúa a solvencia técnica esixida para a licitación, e sen esixirle ó menos a mesma solvencia económica que a entidade matriz concesionaria. Admitir o contrario, suporía trasladar a xestión dun servizo público e a responsabilidade inherente á mesma, a outro suxeito con menor capital social, e en consecuencia, menor solvencia económica, e correndo o risco, como no caso que nos ocupa, de que acabe sendo insolvente ante perdas de escasa entidade, circunstancia, por outro lado, que non é infrecuente en contratos de larga duración, que como a concesión de servizo público poden acadar unha duración de 50 anos (artigo 157.1.a TRLCAP). Ao longo deste período os contratos vense afectados polas vicisitudes polas que atravesa a economía, que é ben sabido que é cíclica, alternándose os períodos de bonanza económica cos períodos de crise. E o concesionario dun servizo público deberá posuír capacidade económica suficiente para afrontar estas épocas de crise,



Concello de Vigo

pois non podemos perder de vista o feito de que é consubstancial á concesión pública que o concesionario xestiona o seu risco e ventura. O contrario faría perigar a boa xestión do servizo público e someter a prestación do mesmo aos avatares da economía do concesionario.

Nalgúns casos esta figura da sociedade concesional é só unha farsa por canto as concesións son xestionadas directamente pola sociedade matriz con persoal propio, polo menos a nivel directivo, e como máximo a sociedade concesional ten persoal propio dedicado á xestión cotiá da concesión.

A sociedade matriz pode verse tentada, si a concesión, polas razóns que sexan, non resulta tan rendible como estaba previsto, a deixar que a sociedade concesional acabe nunha situación de insolvencia que derive nun procedemento concursal, ou simplemente abandone a xestión e provoque a resolución do contrato, pois a nosa lexislación impón a Administración a obriga de aboar o prezo das obras construídas, con independencia da existencia, ou non, de culpa ou responsabilidade do concesionario na mesma.

O mesmo ocorrería se o concurso acabase en liquidación, con independencia da culpa ou non da sociedade concesionaria na súa insolvencia.

En ambos casos, a Administración vén obrigada a resolver o contrato e a abonar o prezo das obras e instalacións que, executadas por este, vaian a pasar a propiedade daquela, tendo en conta o seu estado e o tempo que reste para a reversión" (artigo 169 TRLCAP), o que podería producir un grave quebranto nas arcas públicas.

A concesión que nos ocupa foi adxudicada a un grupo de empresas, que no momento de presentarse á licitación acreditou ter solvencia económica presentando a cifra global de negocios dos tres anos anteriores ó da licitación,(116.802.959 euros, no ano 2003; 143.025.684 euros, no ano 2004 e 181.721.191 euros, no ano 2005), e con informes de diferentes entidades financeiras. En concreto, no informe da entidade financeira Sabadell Atlántico se declara que ten capacidade para facer fronte as obrigas derivadas do contrato ata unha contía de 70.000.000 de euros. E acreditou a solvencia técnica xustificando a realización de traballos de natureza análoga e mediante a descrición do equipo técnico á adscribir á execución do contrato. O grupo PUENTES, tal e como se deduce do informe do Administrador concursal obrante no expediente, a día de hoxe non tería problemas para a execución do contrato. Di este informe que "COCHERAS pertence a un grupo de empresas, que encabeza su socio único PUENTES, y creemos que tiene pulmón financiero suficiente para llevar a cabo la construcción de los Aparcamientos Rosalía. Distinto es, que con la situación actual planteada (reducción de plazas en torno a un 40% con el segundo proyecto modificado respecto al proyecto inicial) sea viable económicamente la inversión requerida" (páxina 38). En virtude das obrigas asumidas na súa oferta de capitalizar a súa sociedade instrumental en caso de perdas, debería aportar o capital necesario para subverter a situación de insolvencia puntual que se ten producido na súa sociedade instrumental".

Pois ben, a xuízo da informante, é un fraude de lei que PUENTES se presente á licitación da concesión, constrúa os aparcadoiros que non ofreceron problemas, e tras un breve período de explotación, dado que esta non resulta rendible, tente a resolución do contrato pola vía de solicitar o concurso voluntario de acredores da sociedade instrumental encargada da xestión do mesmo, incumprindo as súas obrigas de capitalizala.

A xurisprudencia do Tribunal Supremo establece sobre o fraude de lei que “ El art. 6.4 del Código Civil establece que los actos realizados al amparo del texto de una norma que persigan un resultado prohibido por el ordenamiento jurídico, o contrario a él, se considerarán ejecutados en fraude de ley y no impedirán la debida aplicación de la norma que se hubiere tratado de eludir. Como reitera la jurisprudencia, el fraude de ley requiere como elemento esencial, un acto o serie de actos que, pese a su apariencia de legalidad, violen el contenido ético de los preceptos en que se amparan, ya se tenga o no conciencia de burlar la ley (SS, entre otras, 17 abril 1997, 3 febrero 1998, 21 diciembre 2000). Se caracteriza (SS, entre otras, 4 noviembre 1994, 23 enero 1999, 27 mayo 2001, 13 junio 2003) por la presencia de dos normas: la conocida, denominada de «cobertura», que es a la que se acoge quien intenta el fraude, y la que a través de ésta se pretende eludir, que es la norma denominada «eludible o soslayable», amén de que ha de perseguir un determinado resultado contrario a lo ordenado o prohibido imperativamente (S 27 marzo 2001 y 30 septiembre 2002). Es claro, que no se requiere la intención, o conciencia, o idea dirigida a burlar la ley (SS 17 abril 1997, 3 febrero 1998 y otras), pero es preciso que la ley en que se ampara el acto presuntamente fraudulento no le proteja suficientemente (S 23 febrero 1993) y, que la actuación se encamine a la producción del resultado contrario o prohibido por una norma tenida como fundamental en la materia, y tal resultado se manifieste de forma notoria e inequívocamente (SS 4 noviembre 1982 y 30 junio 1993)” (STS Sala 1ª, de 28 de xaneiro de 2005, recurso 3579/1998).

E, en opinión da que subscribe, é un fraude de lei acudir a xurisdición mercantil e solicitar un concurso voluntario de acredores, para tentar lograr a resolución do contrato. Concurso evitable so con cumprir o grupo Puentes as obrigas ás que se comprometeu na súa oferta, aportando capital a sociedade instrumental, e ás que lle impoñen os estatutos de COCHERAS na súa calidade de socio único da mesma de dotala de capital para afrontar a xestión e remediar os desequilibrios patrimoniais que puidesen producirse durante a vida da concesión.

Supón a aplicación de normas con fins distintos ós previstos polo ordenamento xurídico. Solicita o concurso cunhas pequenas perdas, perfectamente asumibles polo grupo empresarial so coa finalidade de rematar coa liquidación e conseguir así a resolución do contrato sen culpa, evitando así a aplicación da lexislación administrativa, e en concreto, a contractual.

Tal e como se demostrará ao longo deste informe, o único concesionario ten sido PUENTES. COCHERAS nunca tivo persoal propio, nin oficinas, nin ten intervido na xestión da concesión. Subcontratou calquera aspecto da mesma con terceiros. O subcontratistas recibían instrucións directamente de empregados de PUENTES. Non parece lícito que ante as primeiras dificultades e tendo transcorrido so pouco máis dunha quinta parte do período concesional PUENTES non capitalice a súa instrumental, esta sexa liquidada nun procedemento concursal e esta Administración teña que afrontar o custe de desembolsar o prezo de construción dos aparcadoiros. O lóxico é que PUENTES afronte a súa responsabilidade nesta situación e aboe a esta Administración os danos e prexuízos ocasionados, os cales deberán ser determinados no posterior proceso de liquidación do contrato.



Concello de Vigo

-III-

Do principio de risco e ventura na execución do contrato

Para poder apreciar a responsabilidade do concesionario na insolvencia da instrumental creada para a xestión da concesión é preciso por de releve algúns dos principios básicos que rexen a contratación administrativa no noso ordenamento xurídico, así como a interpretación que dos mesmos fan a doutrina legal e a xurisprudencia.

É principio tradicional na nosa lexislación de contratos que a execución do contrato se realizará a risco e ventura do contratista. Este principio se declara de forma explícita no artigo 98 TRLCAP a cuxo tenor “A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista”. Polo que respecta ás concesións de xestión de servizos públicos, refórzase no artigo 156 que dispón “A contratación da xestión dos servizos públicos poderá adoptar as seguintes modalidades: a) Concesión, pola que o empresario xestionará o servizo ao seu propio risco e ventura”.

Este principio non ten máis excepcións que as que eventualmente estivesen previstas no propio prego ao amparo da liberdade de pactos que establece o artigo 4 da citada lei. Este principio é consecuente coa configuración da obriga do contratista como unha obriga de resultado.

No caso que nos ocupa, o PCAP non establece ningunha excepción ó principio de risco e ventura. Antes ben, determina no seu artigo 33.2 que “A totalidade do contrato, nos seus aspectos de construción, xestión, explotación, conservación e financiación, desenvólvese a risco e ventura do concesionario. En particular, o concesionario asume:

- a) O risco e ventura derivado do custo, vicios e defectos de construción.
- b) O risco e ventura da evolución das condicións financeiras do mercado ó longo do prazo concesional.
- c) O risco e ventura de demanda de uso, sen que poida reclamarse do Concello de Vigo ningunha compensación polo feito de que a evolución real da mesma difira do previsto na súa proposición. O concello non outorga ningunha garantía en relación co contido das previsións de demanda do servizo incluídas no anteproxecto de explotación”.

Segundo a doutrina xurisprudencial o risco e ventura do contratista ofrecen na linguaxe xurídica e gramatical a configuración da expresión "risco", como continxencia ou proximidade dun dano, e "ventura", como palabra que expresa que unha cousa exponse á continxencia de que suceda un mal ou un ben, de todo o cal infírese que é principio xeral na contratación administrativa, que o contratista, ó contratar coa Administración, asume o risco derivado das continxencias que se definen na Lei de Contratos, e baséase na consideración de que a obrigación do contratista é unha obrigación de resultados, contraposta á configuración da obrigación de actividade ou medial (por todas sentenza do TS de 14 de maio de 2001, RJ 20014478).

Aclara a sentenza da Audiencia Nacional, Sala do Contencioso-administrativo, Sección 8ª, de 31 de outubro de 2006 (A LEI 140474/2006) que, do mesmo xeito que cando a concesión é moi rendible o concesionario non comparte os seus beneficios coa administración concedente, esta tampouco ten que asumir as perdas nos anos en que sexa deficitaria. Así, di que “(...) ello implica que si por circunstancias sobrevenidas se incrementan los beneficios

del contratista derivados del contrato de obra sobre aquellos inicialmente calculados, la Administración no podrá reducir el precio, mientras que si las circunstancias sobrevenidas disminuyen el beneficio calculado o incluso producen pérdidas serán de cuenta del contratista sin que éste pueda exigir un incremento del precio o una indemnización. Sin embargo la Ley establece que este principio de riesgo y ventura tiene como excepción los supuestos de fuerza mayor”.

Habendo establecido tamén a xurisprudencia que “a canle indemnizatoria prevista na Lei de Contratos do Estado parte da idea de culpabilidade, negligencia ou incumprimento das súas obrigacións imputable á Administración, rexendo supletoriamente os artigos 1105 e 1124 do Código Civil, polo que si non existe esta culpabilidade da Administración -e salvo os casos de forza maior- toda actuación allea ás partes cae dentro dos riscos imprevisibles que debe asumir o contratista, en virtude do principio de risco e ventura establecido no artigo artigo 99 da Lei de 1995, que debe incluír os actos de terceiro” (SSTS de 31 de outubro de 2000).

Tamén quebraría o principio de risco e ventura, segundo reiterada doutrina consultiva e xurisprudencia, nos supostos de aplicación das doutrinas do risco imprevisible (por todos, Ditame do Consejo Consultivo de Aragón nº 24/2013, de 25 de novembro de 2013) e do factum principis (por todos, Ditamen 31/1992, de 13 de febreiro, do Consejo de Estado e STS de 25 de abril e de 20 de decembro de 1986 e STS 3125/2011). A primeira pensada para situacións económicas de excepción, e a segunda para cambios normativos que poidan afectar aos contratos en execución.

Ningunha das citadas excepcións concorren no presente caso.

No suposto que nos ocupa, tan pronto comezou a explotación dos dous primeiros aparcadoiros construídos (Jenaro e Castela) e constatouse a escaseza da demanda de prazas por canto nese intre o país estaba sumido nunha crise económica, e ante as dificultades achadas para a construción dos aparcadoiros de Rosalía de Castro, o concesionario non dubidou en solicitar primeiro o reequilibrio económico da concesión, logo a súa resolución e por último, tentou o mesmo resultado pola vía de solicitar un concurso de acredores da sociedade instrumental creada para a xestión dos aparcadoiros. Sen plantexarse sequera que este é un contrato de longa duración, 50 anos, e que durante os mesmos este experimentará diversas vicisitudes, uns anos a explotación será rendible e outros ocasionaralle perdas. E que ten a obriga, asumida primeiro na súa oferta, e logo nos estatutos da sociedade instrumental de capitalizar a mesma para mantela saneada. Sen nin sequera tentar unha boa xestión do mesmo que podería resultar rendible e sen rematar a construción dos aparcadoiros incluídos no contrato, obrigación esencial do contrato que nos ocupa.

Sendo ademais un grupo con pulmón financeiro suficiente como para resolver as pequenas situacións de insolvencia da súa instrumental, tal e como no seu día afirmou o administrador concursal no seo do primeiro procedemento concursal.

-IV-

Da nula vontade do concesionario de xestionar a concesión e os constantes incumprimentos contractuais

Analizando os datos relativos ás vicisitudes desta concesión, resumidos nos antecedentes deste informe, podemos extraer a conclusión de que o grupo PUENTES, que é un conglomerado de empresas adicadas ao sector da construción, presentouse a esta



Concello de Vigo

licitación co único obxectivo de construír os aparcadoiros, sen ter nunca a máis mínima intención de xestionar os mesmos.

A informante deduce a nula vontade do grupo PUENTES de xestionar a concesión de datos tales como:

- Non parece adecuado para xestionar un negocio en Vigo non ter, xa non a sede social da empresa instrumental creada ad hoc para estes mesteres, senón tan sequera oficina na cidade. E aínda que nos Estatutos inicialmente fixaron o domicilio social en Vigo, nunha tiveron oficina aberta na cidade. De feito, trasladaron o seu domicilio ao da sede do grupo Puentes en data 24 de abril de 2009.
- COCHERAS nunca tivo empregados propios. Non so os cargos directivos, senón os traballadores que lle prestan servizos son empregados do grupo PUENTES.
 - Respecto ó persoal directivo, a sociedade era xestionada por un administrador único, o grupo PUENTES, segundo o acordo da Xunta Xeral de data 14 de abril de 2009, que designou unha persoa física para exercer as funcións propias do cargo, D. Constantino Seara Seara, á sazón conselleiro delegado tamén do grupo Puentes.
 - Respecto o resto do persoal, consta na documentación obrante nos procesos concursais que COCHERAS nunca tivo empregados propios.
- Ten subcontratados todos os aspectos da xestión dos aparcadoiros. E os seus subcontratistas reciben instrucións de empregados do grupo PUENTES, que teóricamente non teñen ningunha vinculación con COCHERAS.
- A data de recepción por esta Administración dos aparcadoiros de Jenaro y Castelao, tal e como se fixo constar no informe anexo á acta de recepción de cada un deles polo xefe do servizo de Vías e Obras e Infraestruturas, aprecíase que “Existen múltiples defectos na estrutura e instalacións existentes. Algúns destes defectos detectados non se corresponden co avance do deterioro temporal típico do propio uso das instalacións, se non que máis parecen debidos a vicios ocultos na construción, deseño ou mala xestión da conservación durante o servizo”. Circunstancia que será obxecto de estudo no informe encargado por esta Administración a un perito independente.

Esta actitude de desinterese na xestión do concesionario contrasta coa boa fe desta Administración, que dende o momento do outorgamento da concesión ten velado polos intereses do seu contratista e mantido unha actitude de colaboración permanente, sen perder de vista o interese público que debe protexer, acordando as modificacións solicitadas polo mesmo dentro da legalidade vixente, como se desprende dos antecedentes.

É preciso recordar que a explotación da concesión no seu inicio non resultou moi rendible por mor da escaseza de demanda. Resulta lóxico por canto comezou no ano 2010, en plena crise económica. En consecuencia, o concesionario, dado o seu escaso interese na explotación, centrou os seus esforzos en lograr a resolución do contrato e así cobrar o prezo

das obras dos aparcadoiros xa construídos, intentando evitar realizar desembolsos económicos para a súa xestión.

Así, tras solicitar primeiro un reequilibrio económico da concesión, antes de que finalizase o prazo da Administración para resolver sobre o mesmo, solicitou a resolución do contrato, amparada en circunstancias imprevisibles que, o seu entender facían inviable a concesión. Tras desestimar a Administración a súa solicitude, acudiu aos tribunais, tendo sidas desestimadas as súas pretensións tanto na primeira como na segunda instancia.

E mentres tanto, PUENTES e COCHERAS estaban inmersos nunha situación de incumprimento contractual. Efectivamente, é preciso ter en conta, a obriga de Puentes, adquirida na súa oferta, de capitalizar a sociedade e cubrir as posibles perdas que sufra o capital social. Así, na Memoria do PEF da oferta, no subapartado 3.2.1 Recursos Propios determinase que “Los accionistas aportarán en forma de fondos propios el 20% de la inversión total. Dicha aportación es en forma de Capital Social y se desembolsará de forma proporcionada a los desembolsos de la Deuda Senior y Deuda Residentes. Los accionistas de la Sociedad se comprometen, a cubrir en forma de aportaciones de capital social y/o deuda subordinada cualquier sobre coste por la construcción y/o por cualquier otro motivo que se produzca hasta que se supere el trámite de Recepción de las Obras y la Puesta en servicio de los aparcamientos”. E engade que “Puentes y Calzadas Grupo de empresas S.A, se compromete en caso de resultar adjudicataria, a aportar a la sociedad 6.535.000,00 euros durante el periodo de construcción como capital social. Las aportaciones de capital social tendrán lugar durante la fase construcción de acuerdo con el siguiente esquema:

Aportaciones de capital	2007	2008	2009	2010
(M€)	4000	3750		

Con este esquema de aportación de capital al finalizar el periodo construcción, la concesionaria contará con un 27% de recursos propios. Adicionalmente, los socios se comprometen a aportar cantidades adicionales como préstamo participativo, deuda subordinada o cualquier otra forma para cubrir posibles desfases de tesorería, si los hubiese”.

Ademais, os Estatutos sociais de COCHERAS OLÍVICAS, establecen no seu artigo 5 que “la sociedad tendrá en todo momento durante el período de duración de la Concesión que constituye su objeto una cifra de capital social de, al menos, el 10% del coste de la inversión directa a efectuar por la Sociedad en dicha concesión. Por este motivo, el capital social se incrementará en la cifra necesaria para que, en caso de producirse una inversión mayor que la total inicialmente prevista, se mantenga el mencionado porcentaje mínimo del 10%”.

Frustradas as expectativas do contratista de resolver o contrato en vía administrativa amparándose en causas obxectivas que o eximisen de responsabilidade na mesma, o tentou solicitando un concurso de acredores da instrumental COCHERAS. Se ben este primeiro concurso rematou ao cumprir o grupo PUENTES coas citadas obrigas de capitalización a que se había comprometido na súa oferta.



Concello de Vigo

Entre tanto, a Administración municipal, vistas as dificultades do concesionario para construír os aparcadoiros de Rosalía de Castro, encargou informes, tanto a técnicos municipais como a expertos externos sobre a viabilidade da concesión se se construían estes. Á vista de que a mesma empeoraba, tentou modificar o contrato. Aprobada inicialmente a modificación, solicitouse ditame ao respecto do Consello Consultivo de Galicia, e este foi desfavorable. En consecuencia, decidiu, en aras da seguridade xurídica, non aprobar a modificación do contrato. Ante estas circunstancias, o concesionario solicitou un novo concurso voluntario de acredores, que rematou coa liquidación da sociedade instrumental COCHERAS.

É importante non perder de vista, na solicitude deste novo concurso, que a insolvencia da sociedade instrumental COCHERAS implica a correlativa responsabilidade de PUENTES por incumprimento das súas obrigas, xa citadas no fundamento xurídico anterior, de **“aportar cantidades adicionales como préstamo participativo, deuda subordinada o cualquier otra forma para cubrir posibles desfases de tesorería, si los hubiese de la sociedad”**, obriga que **“tendrá en todo momento durante el período de duración de la Concesión”**, así como a de manter **“una cifra de capital social de, al menos, el 10% del coste de la inversión directa a efectuar por la Sociedad en dicha concesión”**.

Decretado por auto do Xulgado do Mercantil nº 1 da Coruña, de data 16 de Febreiro de 2018 o cese da actividade empresarial da mercantil COCHERAS, o órgano de contratación, acordou requirir a PUENTES, para que continuase coa xestión da citada concesión, apercibíndolle de que en caso contrario, esta Administración procedería a resolución do contrato por incumprimento grave das súas obrigas esenciais ou a declarar a caducidade da mesma.

Este incumprimento é grave e subsumible nunha causa de caducidade da concesión ou ben de resolución do contrato por canto o servizo de aparcadoiro é un servizo público, que se encadra nas competencias municipais en materia de tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade (artigos 25.2.g da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local -en adiante LBRL- e 80.2.b da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia- en adiante LALGA-).

Ao tratarse dun servizo público, o Concello ten a obriga de garantir a continuidade do mesmo, máxime tendo en conta que o concesionario celebrou contratos de cesión de uso de prazas de aparcadoiro e de abonos mensuais cos usuarios do mesmo.

Nesta liña de garantir que a liquidación da sociedade instrumental non afectase ao desenvolvemento do servizo, a XGL acordou asumir temporalmente a execución directa do servizo, en uso das facultades conferidas polo artigo 127.1.3ª RSCL. Simultaneamente aprobou un expediente de licitación para a adxudicación da nova concesión, agora en licitación.

Compre por de manifesto que tanto o incumprimento das obrigas de capitalización como o cese na xestión da explotación da concesión poden considerarse como unha infracción moi grave das obrigas esenciais do concesionario, é tanto unha causa de caducidade da concesión, consonte ó previsto no artigo 136.b RS, como unha causa de resolución, por causa imputable ao mesmo.

-V-

Da resolución

A lexislación de contratos das Administracións públicas recoñece ó órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a acordar a resolución dos contratos e determinar os seus efectos (artigos 59.1 TRLCAP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato no artigo 30 PCAP.

A resolución é unha das formas de finalización do contrato administrativo. A lexislación contractual subsume baixo este termo todas as causas de extinción do vínculo contractual distintas da súa conclusión por cumprimento. Presupón, pois, a aparición dalgunha circunstancia na vida do contrato que impida ou faga inconveniente a súa prosecución ata a súa normal extinción. En definitiva, por resolución entende a lei todas aquelas causas de finalización anticipada do contrato. Neste senso establece o artigo 109 TRLCAP que os contratos se extinguirán por cumprimento ou resolución.

Dunha interpretación conxunta dos artigos 111 e 167 da TRLCAP, que establecen as causas de resolución dos contratos en xeral e as específicas do contrato de xestión de servizos públicos respectivamente, podemos concluír que son causas de resolución deste tipo de contratos as seguintes:

- a) A morte ou incapacidade sobrevida do contratista individual ou a extinción da personalidade xurídica da sociedade contratista.
- b) A declaración de concurso ou a declaración de insolvencia en calquera outro procedemento.
- c) O mutuo acordo entre a Administración e o contratista.
- d) A falta de prestación polo contratista da garantía definitiva ou as especiais ou complementarias daquela en prazo nos casos previstos na Lei e a non formalización do contrato en prazo.
- e) O incumprimento das restantes obrigacións contractuais esenciais.
- f) Aquelas que se establezan expresamente no contrato.
- g) Demora superior a seis meses por parte da Administración na entrega ó contratista da contraprestación ou dos medios auxiliares a que se obrigou segundo o contrato.
- h) O rescate do servizo pola Administración.
- i) A supresión do servizo por razóns de interese público.
- j) A imposibilidade da explotación do servizo como consecuencia de acordos adoptados pola Administración con posterioridade ó contrato.

Tras un exame das mesmas podemos deducir que no caso que nos ocupa concorre o incumprimento polo contratista das súas obrigas contractuais esenciais. O concurso ven propiciado por unha situación de insolvencia evitable se PUENTES tivese asumido as súas obrigas de capitalización da sociedade instrumental asumidas, primeiro na súa oferta, e posteriormente nos estatutos da sociedade instrumental. Así mesmo, tras a liquidación da sociedade instrumental PUENTES ten rehusado continuar coa explotación da concesión, tras ser requirido en dúas ocasións polo órgano de contratación.



Concello de Vigo

No entanto, PUENTES, no citado escrito de alegacións de 23 de marzo manifesta que o contrato foi resolto por ministerio da lei coa apertura da fase de liquidación, e en consecuencia non pode ser resolto de novo. En apoio desta tese cita:

- O artigo 67 da LC que di que “Os efectos da declaración de concurso sobre os contratos de carácter administrativo celebrados polo debedor con Administracións públicas rexeranse polo establecido na súa lexislación especial”.
- O TRLCSP, que tras recoller como causa de resolución no artigo 111.b a declaración de concurso, determina no artigo 112.2 que “en caso de concurso, a apertura da fase de liquidación orixinará sempre a resolución do contrato”.
- A doutrina xurisprudencial establecida polo Tribunal de conflitos de xurisdición, entre outras, nas sentenzas RJ/2017/2357 e RJ/2017/2359, que considera “a resolución se produce por vontade da lei, mediando a previa decisión xudicial de apertura da fase de liquidación do concurso”, carecendo de potestade para declarar a resolución do contrato tanto o xuíz concursal nin o órgano administrativo.

E dado que isto é así, considera que o Concello dispensa un trato desigual a dúas situacións análogas, este concurso e o da sociedade concesionaria da obra pública “para a construción e explotación do Auditorio-Pazo de Congresos con zonas complementarias de explotación comercial na Avda. de Beiramar con ocupación parcial do subsolo da rúa Jacinto Benavente”, PAZO DE CONGRESOS, S.A. Esgrime para xustificar esta grave acusación que neste último caso o Concello non requiriu aos promotores da sociedade que continuasen coa explotación da concesión.

En opinión da que subscribe as situacións non son idénticas. No caso da concesión de obra pública para a construción e explotación do Pazo de Congresos, os promotores constituíron unha sociedade instrumental e esta foi a encargada da xestión da concesión. No entanto, tal e como se expuxo nos fundamentos xurídicos anteriores, no caso que nos ocupa, existe unha confusión total e absoluta entre PUENTES e COCHERAS. De feito, tal e como se puxo de manifesto, a xestión da concesión realizouse por PUENTES co seu propio persoal. COCHERAS ten sido unha ficción, por canto nin siquiera tivo en ningún momento persoal. E os empregados das empresas subcontratistas recibían instrucións directamente de persoal propio de PUENTES. Como se concluíu no fundamento xurídico sexto, no presente caso operouse un fraude de lei. Unha empresa solvente do ramo da construción acude a unha licitación so co fin de construír os aparcadoiros, sen ter vontade de xestionar os mesmos, e creando ao efecto unha sociedade instrumental que é so unha pantalla, pois a xestión cotiá está en mans dos empregados da primeira e empresas subcontratadas.

É preciso ademais ter en conta que o auto do Xulgado mercantil nº 3 de Pontevedra que abre a fase de liquidación de PAZO DE CONGRESOS declara a resolución da concesión. No entanto, o auto do Xulgado do Mercantil nº 1 da Coruña de data 16 de Febreiro de 2018, acorda o cese da actividade empresarial da mercantil COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A.U., pero non declara a resolución da concesión. Nin sequera pronunciase sobre a posta a disposición do Concello dos aparcadoiros, extremo que xustifica no feito de que existe un recurso contencioso-administrativo en litispendencia ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo.

En relación coa resolución dos contratos administrativos, a xurisprudencia mantén a aplicabilidade dos principios contidos no Código Civil, polo que a facultade de resolver

enténdese implícita en favor da parte que cumpre e en contra da que incumpre as súas obrigacións, aínda que para que a acción de resolución proceda é preciso que a parte que a exercite cumpra coas obrigacións que lle incumben (SSTS de 27 de setembro e 25 de novembro de 1985). Neste caso dado que a Administración municipal cumpriu coas súas obrigacións correspóndelle iniciar procedemento para a resolución do contrato e a súa posterior liquidación.

É preciso ter en conta que a concesión que nos ocupa é de xestión de servizo público e rexese, ademais de pola lexislación de contratos, polo Regulamento de servizos das corporacións locais, no que non se opoña a aquela. E precisamente, esta norma, prevé unha figura aplicable ó incumprimento polo concesionario das súas obrigacións esenciais, cal é a caducidade da concesión. Consonte ó previsto no artigo 136 .1.b procederá a declaración de caducidade da concesión “se o concesionario incorrera en infracción gravísima das súas obrigacións esenciais”, como acontece no presente caso, en que o concesionario deixou de xestionar a concesión.

-VI-

Do procedemento de resolución

A resolución do contrato acordarase polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista, no seu caso. O artigo 112 do TRLCAP non regula o procedemento de resolución, remite á súa regulación a un posterior regulamento.

De acordo cos artigos 109 do RLCAP (en relación coa disposición adicional 2ª da LCSP) os requisitos do procedemento de resolución son os seguintes:

- Deberá darse audiencia ó contratista por prazo de dez días naturais.
- Deberá darse audiencia ó avalista ou asegurador se se propón a incautación da garantía, no mesmo prazo anterior.
- Os acordos deberán ser adoptados previo informe da Asesoría Xurídica.
- Será preceptivo o informe do órgano consultivo da Comunidade Autónoma cando se formule oposición á resolución por parte do contratista.
- Os acordos que adopte o órgano de contratación poñerán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executivos.

Esta resolución deberá ditarse no prazo fixado para resolver o procedemento de que se trate. No entanto, para o caso que que o procedemento en cuestión non teña fixado expresamente un prazo, como no suposto que nos ocupa, a lei de procedemento fixa un prazo supletorio para a resolución. Dispón o artigo 21.3 que “Cando as normas reguladoras dos procedementos non fixen o prazo máximo, este será de tres meses”.

E a continuación fixa regras para o cómputo do mesmo. Nos procedementos iniciados de oficio, como o presente, o prazo se contará desde a data do acordo de iniciación.

Regulando, así mesmo, a falta de resolución expresa en procedementos iniciados de oficio no artigo 25.1. Nos procedementos en que a Administración exercite potestades sancionadoras ou, en xeral, de intervención, susceptibles de producir efectos desfavorables



Concello de Vigo

ou de gravame, como no presente caso, producirase a caducidade. Nestes casos, a resolución que declare a caducidade ordenará o arquivo das actuacións.

-VII-

Competencia

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención xeral (artigo 114.3 TRRL e apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

ACORDO

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º.- Incoar expediente para declarar a resolución, ou no seu caso a caducidade, do lote 2 da concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade, adxudicado por acordo deste órgano a Puentes y Calzadas Grupo de Empresas, S.A., en data 21 de maio de 2007, por incumprimento das súas obrigas esenciais polo concesionario, consonte ao argumentado no corpo deste escrito.

2º.- Notificar este acordo a Puentes y Calzadas Grupo de Empresas, S.A., concedéndolle un prazo de trámite de audiencia de dez días naturais para formular alegacións”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(1413).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “HUMANIZACIÓN DA RÚA PAZOS, ENTRE LÓPEZ MORA E MENÉNDEZ PELAIO”. EXPTE. 83/441.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 03/12/18, dáse conta do informe-proposta de data 30/11/18, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

10.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de “Humanización da rúa Pazos, entre López Mora e Menéndez Pelaió” (83-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de “Humanización da rúa Pazos, entre López Mora e Menéndez Pellaio” (83-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 15 de novembro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de “Humanización da rúa Pazos, entre López Mora e Menéndez Pellaio” (83-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	91,78
2	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.	90,20
3	NAROM, S.L.	89,59
4	ELSAMEX, S.A.	84,48
5	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	84,27

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A., o día 21 de novembro, que presenta a documentación requirida o 30 de novembro, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 30 de novembro de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.



Concello de Vigo

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor asinado o 31 de outubro e 5 de novembro de 2018 e do informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula de data 12 de novembro de 2018.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. o procedemento aberto para a contratación das obras de “Humanización da rúa Pazos, entre López Mora e Menéndez Peláio” (83-441) por un prezo total de 104.719,99 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 18.174,54 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(1414).- BASES DE PARTICIPACIÓN DO CONCURSO “VENTE COS REIS MAGOS” 2018-2019. EXPTE. 7645/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 30/11/18, dáse conta do informe-proposta de 29/11/18, asinado pola xefa do Servizo de Festas-Animación Socio Cultural e pola concelleira-delegada de Festas e Turismo, que di o seguinte:

En consonancia coas competencias en cultura atribuídas aos municipios nos artigos 25.2.m da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de administración local de Galicia, o Servizo de Festas está a organizar a tradicional Cabalgata de Reis, que terá lugar o día 5 de xaneiro de 2018, sábado, na cidade de Vigo.

Como vén sendo habitual, o Concello ofértalle ás nenas e nenos da nosa cidade a posibilidade de participar activamente neste evento, mediante a convocatoria do concurso: **“Vente cos Reis Magos”**.

O obxecto deste concurso é seleccionar a corenta nenas e nenos para acompañar os Reis Magos, na Cabalgata de Reis, que terá lugar na nosa cidade o día 5 de xaneiro de 2019, ademais de doce suplentes para cubrir as posíbeis baixas ou renuncias. Os principios que rexerán este sorteo son os de igualdade, participación, concorrencia, publicidade e transparencia do procedemento.

Este concurso ten como única limitación a idade dos participantes por motivos de seguridade, nesta edición, tan só poden tomar parte os nados entre o 1 de xaneiro de 2006 e o 31 de decembro de 2010. A inscrición para o concurso realízase cumprimentando un Boletín de inscrición, que deberá ser presentado no Rexistro xeral, no Rexistro electrónico municipal ou en calquera dos lugares previstos ao efecto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Os pais, nais ou titores dos nenos agraciados terán que presentar esta solicitude e no caso dos sorteados asinar a pertinente autorización ou, se fose o caso, a renuncia.

As bases de participación para este concurso publicitaranse en anuncio nos medios de comunicación locais e estarán a disposición das/dos interesadas/os tanto na Oficina de Información municipal así como na páxina web municipal www.vigo.org. Así mesmo, distribuiranse folletos de inscrición coas devanditas bases polos centros escolares e asociacións veciñais do termo municipal.

Faise constar que as presentes bases incorporan as esixencias contidas no Regulamento 2016/679 do Parlamento Europea e do Consello (UE), de data 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos.

Á vista do exposto, previo o informe xurídico e coa conformidade da concelleira delegada da Área de Festas e Turismo, faise á Xunta de Goberno a seguinte,

PROPOSTA:

“Que se aproben as Bases de participación que se achegan no expediente correspondentes ao concurso ‘Vente cos Reis Magos’ 2018-2019’ e que teñen por obxecto seleccionar a



Concello de Vigo

corenta nenas/os para acompañar aos Reis Magos na comitiva real da Cabalgata de Reis 2019, ademais de doce suplentes para cubrir as posibles baixas ou renuncias.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES DE PARTICIPACIÓN DO CONCURSO “VENTE COS REIS MAGOS 2018-19”

1. O obxecto deste concurso é seleccionar a corenta nenas e nenos para acompañar os Reis Magos, no desfile da Cabalgata de Reis, que terá lugar na nosa cidade o día 5 de xaneiro de 2019, ademais de doce suplentes para cubrir as posibles baixas ou renuncias.
2. Neste concurso poderán participar todas/os nenas e nenos de Vigo que o desexen; a única limitación por motivos de seguridade será a idade: só poderán participar aqueles nados entre o 1 de xaneiro de 2006 e o 31 de decembro de 2010, ambos inclusive. Así mesmo, as nenas e nenos seleccionados en edicións anteriores non poderán tomar parte neste concurso, circunstancia que será verificada polo Servizo de Festas.
3. Para participar neste concurso, será necesario que o pai/nai/titor(a) cubra o Boletín de inscrición e o presente no Rexistro xeral do Concello de Vigo, no Rexistro electrónico municipal ou en calquera dos lugares previstos ao efecto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas. Só se aceptará un boletín por nena/o.
4. Os interesados poderán recoller o Boletín de inscrición na Oficina de Información do Concello de Vigo ou descargalo da páxina web municipal do Concello de Vigo (www.vigo.org); así mesmo repartiranse exemplares destes Boletíns entre centros cívicos, colexios e asociacións culturais.
5. O prazo de inscrición será desde o día seguinte ao da publicación, na páxina web municipal, da aprobación das presentes Bases pola Xunta de Goberno local ata o día 15 de decembro de 2018.
6. A listaxe definitiva de admitidos co número de entrada no Rexistro farase pública na páxina web municipal, a efectos de eventuais alegacións
7. O sorteo, que será público, realizarase o día 19 de decembro de 2018, ás 12:00 horas, no vestíbulo do Auditorio municipal da Casa do Concello. A Mesa do sorteo constituirase cos seguintes membros: Presidenta (concalleira delegada da Área de Festas e Turismo), dous Vogais (funcionarios do Servizo de Festas) e Secretaria (xefa do Servizo de Festas).
8. O sorteo iniciarase dando conta do número de inscritos admitidos ao concurso. No caso de que o número de inscritos fose igual ou inferior a corenta e estes estivesen debidamente inscritos, non será necesario o sorteo, limitándose o acto a proclamar como seleccionados a todos os inscritos.
9. O Servizo de Festas comunicará directamente a todos os seleccionados a resolución do sorteo (e a súa participación no evento).
10. Os pais, nais ou titores das nenas e dos nenos seleccionados deberán, tras a comunicación do Servizo de Festas, asinar a pertinente autorización e acreditar a idade e a

paternidade/maternidade/titoría (mediante a presentación do libro de familia) así como a residencia no termo municipal (mediante volante de empadramento).

Os anteditos responsábeis deberán asinar a renuncia, no caso de non ser posible a participación no evento.

11. O Concello de Vigo entregarálle ás nenas e aos nenos seleccionados un disfraz, que devolverán unha vez finalizada a cabalgata nas mesmas condicións en que lle foran entregues.

12. O Concello de Vigo disporá dunha póliza que cubra a responsabilidade civil polos danos que as nenas ou nenos puidesen sufrir ou provocar con ocasión desta acción.

13. A concelleira de Festas queda facultada para resolver as posibles incidencia que poidan xurdir no desenvolvemento deste concurso e que non estean previstas nestas bases.

14. As bases de participación neste concurso publicitaranse a través de anuncio nos medios de comunicación locais e estarán a disposición das/dos interesadas/os na oficina de Información municipal, situada na lonxa da Casa do Concello, así como na páxina web municipal.

15. Os datos das persoas solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento do concurso "Vente cos Reis Magos", obxecto das presentes bases; só serán solicitados aqueles datos estritamente necesarios para a mencionada finalidade.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto no Regulamento da Unión Europea 2016/679 (Regulamento xeral de protección de datos), de xeito que os datos persoais sexan tratados garantindo os principios relativos ao seu tratamento así como os dereitos dos interesados ao respecto, e demais normativa vixente na materia.

O responsábel do seu tratamento será o Servizo de Festas do Concello de Vigo.

En consecuencia, requirirase nos boletíns de inscrición o consentimento dos pais ou tutores dos menores para a súa participación neste concurso, que se dará de manifesto coa súa autorización para a inscrición e para que os datos recollidos sexan tratados coa finalidade prevista anteriormente.

16. O mero feito da inscrición para participar neste concurso supón a aceptación íntegra das presentes bases, incluíndo a autorización para o uso de imaxes das/dos sorteadas/os que se obteñan na vía pública, durante o desfile da Cabalgata de Reis.

5(1415).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS NO SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE, SANIDADE, CONSUMO, LABORATORIO E VIGOZOO DENDE O 1 DE XULLO AO 30 DE SETEMBRO DE 2018. EXPTE. 13755/306.

Dáse conta do informe-proposta do 29/11/18, asinado polo xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, e pola concelleira-delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable, que di o seguinte:

Co fin de dar cumprimento ao establecido na base 31.^a das Bases de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo e o acordo de delegación de competencias nos concelleiros



Concello de Vigo

de área da Xunta de Goberno Local de data 19 de xuño de 2015 (BOE 14/07/2015), faise a seguinte

PROPOSTA:

Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de gasto menor no servizo de Medio Ambiente, Sanidade, Consumo, Laboratorio e Vigozoo autorizados pola concelleira delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable do 1 de xullo ao 30 de setembro de 2018.

EXPTE.	TIPO	ASUNTO	ADXUDICATARIO	IMPORTE
9314/612	SERVIZO	MONTAXE E DECORACIÓN DIVULGATIVA ASTRONOMIA	ANA MARIA COSTAS CARBAJAL- CAMPO DAS REDES (36110751S)	4.749,25 €
9332/612	SUBMINISTRO	BIOMBOS PARA ALBERGUE	ANA MARIA COSTAS CARBAJAL- CAMPO DAS REDES (36110751S)	707,85 €
9360/612	SUBMINISTRO	SUBMINISTRO DE CETRERÍA	CLAUDIO ABALO (3609996Y)	1.954,15 €
9365/612	SUBMINISTRO	PRODUTOS PARA MANTEMENTO PISCINA	HIDROGLOBAL,S.L (B32448847)	897,11 €
9366/612	SERVIZO	MANTEMENTO PISCINA	HIDROGLOBAL,S.L (B32448847)	1.379,40 €
9367/612	SUBMINISTRO	ADQUISICIÓN E INSTALACIÓN ELÉCTRICA EXOTARIUM	ACELEC,S.L (B36955763)	2.304,01 €
9368/612	SUBMINISTRO	DESPECE POLO E COELLO	LAGO, AVES Y CAZA,S.A. (A36003118)	4.839,39 €

EXPTE.	TIPO	ASUNTO	ADXUDICATARIO	IMPORTE
9378/612	SERVIZO	ASISTENCIA VETERINARIA	DDBA VET S.L (B27824630)	1.300,75 €
9379/612	SUBMINISTRO	ORQUIDEAS	AGRICULTURA COSTA ATLANTICA, S.L (B94095346)	3.649,82 €
9390/612	SUBMINISTRO	MATERIAL CIRÚRXICO	LA BOUVET S.L (B78639978)	808,22 €
9391/612	SUBMINISTRO	FROITA PARA ANIMAIS	FRUTAS NIEVES,S.L (B36628196)	3.074,24 €
9395/612	SUBMINISTRO	MADEIRAS PARA INSTALACIÓNS	MADERAS DEL NOROESTE .S.L (B36616548)	1.198,46 €
9399/612	SERVIZO	DESEÑO CARTEIS PARA ORQUIDEARIO	VIVEROS ADOA, S.L (B36300564)	314,60 €
9415/612	SUBMINISTRO	CARNE EQUINA PARA ANIMAIS	JOSE ANTONIO LOUREIRO FERNANDEZ (768151056G)	1.846,00 €
9448/612	SUBMINISTRO	ADQUISICIÓN DE DIVERSO MATERIAL DE FERRAXERIA	RINXELA FERR,S.L.U (B36966836)	2.827,83 €
9471/612	SUBMINISTRO	ADQUISICIÓN DE FROITA PARA ANIMAIS	FRUTAS NIEVES,S.L (B36628196)	1.652,87 €
9477/612	SERVIZO	LIMPEZA DAS DEPENDENCIAS DE VIGOZOO	GALLEGA DE PROYECTOS Y SERVICIOS. S.L (B27754247)	9.498,50 €



Concello de Vigo

EXPTE.	TIPO	ASUNTO	ADXUDICATARIO	IMPORTE
9481/612	SERVIZO	ARENERO PARA PARQUE INFANTIL	JOSE ANTONIO IGLESIAS OTERO "CARPINTERIA ANTONIO" (36066754V)	1.010,35 €
9482/612	SERVIZO	INSPECCIÓN PERIÓDICA REGULAMENTARIA DE ASCENSORES	APPLUS NORCONTROL VIGO SLU (B15044357)	88,33 €
9488/612	SERVIZO	DIVULGACIÓN DA ASTRONOMÍA	ANA MARIA COSTA CARBAJAL "CAMPO DAS REDES" (36110751S)	7.149,89 €
9492/612	SUBMINISTRO	ALUGUER DE MAQUINARIA PULIDORA	XEALCO, S.L (B36194108)	60,50 €
9493/612	SUBMINISTRO	ALIMENTOS PARA CABALIÑOS DE MAR	DIEGO BALLESTEROS PEINADO - TERRARIUM (74515008E)	170,00 €
9503/612	SUBMINISTRO	TERRARIOS PARA VIGOZOO	AQUAZOO,S.L (B36294114)	525,90 €
13624/306	SERVIZO	TRABALLOS DE COLOCACIÓN DA SINALÉTICA SENDEIROS TURÍSTICOS MUNICIPAIS DE VIGO AFECTADOS POLOS INCENDIOS	XOSÉ ANTÓN FERNÁNDEZ ROJO (36080908A)	12.392,22 €
13623/306	SERVIZO	SUBMINISTRACIÓN DO MATERIAL (POSTES E PANEIS) PARA A RECUPERACIÓN DOS SENDEIROS TURÍSTICOS MUNICIPAIS DE VIGO ARRASADOS POLOS INCENDIOS	CERQUIÑO S. COOP. GALEGA (F27854900)	12.093,95 €
13649/306	SERVIZO	ELABORACIÓN DOS CARNÉS DE LICENZAS E INSCRIPCIÓN DOS ANIMAIS CONSIDERADOS POTENCIALMENTE PERIGOSOS	FOTOCENTRO, SL (B36628345)	1.000,00 €
13592/306	SERVIZO	CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DE MAQUINARIA DE PRAIAS	ALMIJOCAR, SCG (F27784008)	106,18 €
13687/306	SUBMINISTRO	ADQUISICIÓN DE DÚAS BATERÍAS DE 12V E CATRO BATERÍAS DE LITIO PARA A CASETA DE SOCORRISTAS	DMR Comunicaciones, SL (B36768794)	2.364,34 €

EXPTE.	TIPO	ASUNTO	ADXUDICATARIO	IMPORTE
		DAS ILLAS CÍES		
13644/306	SUBMINISTRO	ADQUISICIÓN DUN AHOIADOR, BARRENAS, DISCOS, ARNÉS, MOTOR DESBROZADORA ACOPLADA PARA TRABALLOS NAS PRAIAS	ALMIJOCAR, SCG (F27784008)	1.658,46 €

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

6(1416).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE DIVERSOS AGASALLOS CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DAS DISTINTAS ACTIVIDADES SOCIOCULTURAS RELACIONADAS CO FOMENTO DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ. EXPTE. 8303/320.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 14/11/18 e o informe de fiscalización do 27/11/18, dáse conta do informe-proposta de 13/11/18, asinado polo xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, o concelleiro-delegado de Participación Cidadá e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, por la que se transponen al ordenamiento jurídico español las Directivas del Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución de 8 de outubro de 2018, o Concelleiro Delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, acordou iniciar o expediente de contratación do **SUBMINISTRO DE DIVERSOS AGASALLOS CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DAS DISTINTAS ACTIVIDADES SOCIOCULTURAS RELACIONADAS CO FOMENTO DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ.**

Segundo.- No expediente tramitado ao efecto consta a seguinte documentación:

1. Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato, de 8 de outubro de 2018 asinado polo xefe de Participación Cidadá e Desenvolvemento local e o



Concello de Vigo

Concelleiro Delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.

2. Orde de inicio de 8 de outubro de 2018 do Concelleiro Delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.
3. Prego de prescricións técnicas particulares do contrato, con data do 9 de outubro de 2018, asinado polo xefe de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento local e o concelleiro delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.
4. Memoria xustificativa do contrato, co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, do 9 de outubro de 2018, asinado polo xefe de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e o concelleiro delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.
5. Memoria xustificativa do contrato, co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, do 24 de outubro de 2018, asinado polo xefe de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e o concelleiro delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.
6. Informe do servizo de contratación, asinado pola xefa do servizo de contratación, de data 26 de outubro de 2018.
7. Prego de cláusulas administrativas de data 26 de outubro de 2018, asinado pola xefa do servizo de contratación.
8. Informe proposta de aprobación de expediente do 29 de outubro de 2018, asinado polo xefe de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, o concelleiro delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos e o o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda. Prego de prescricións técnicas particulares do contrato, con data do 3 de setembro de 2018, asinado polo xefe de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento local e o concelleiro delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.
9. Memoria xustificativa do contrato, co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, do 8 de novembro de 2018, asinado polo xefe de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e o concelleiro delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.
10. Informe do servizo de contratación, asinado pola xefa do servizo de contratación, de data 8 de novembro de 2018.
11. Prego de cláusulas administrativas de data 8 de novembro de 2018, asinado pola xefa do servizo de contratación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iníciase polo Órgano de Contratación. No concello de Vigo esta competencia está delegada por Decreto Delegación de Alcaldía de 19 de xuño de 2015 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de xuño de 2015, nos concelleiros de Área. O Concelleiro Delegado

de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, en resolución de 16 de maio de 2018, autorizou o inicio deste expediente de contratación.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas redactado polo Xefe do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola xefa do servizo de contratación.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento **aberto simplificado abreviado**. Xustifícase a elección deste procedemento porque tal e como dispón o artigo 131 da LCSP procede empregar o procedemento aberto.

Cuarto.- No artigo 116.3 do LCSP establécese que ó expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito, documento que incorporará o servizo de Intervención Xeral quen ademais fiscalizará previamente a aprobación do expediente.

Quinto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartado 4º do LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe xurídico favorable da Asesoría Xurídica municipal e da Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

1º Aprobar o expediente de contratación (8303/320) por procedemento aberto da **“SUBMINISTRO DE DIVERSOS AGASALLOS CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DAS DISTINTAS ACTIVIDADES SOCIOCULTURAS RELACIONADAS CO FOMENTO DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ”**.

2º. Aprobar o o prego de prescricións técnicas particulares de 9 de outubro de 2018 e o prego de cláusulas administrativas de 9 de novembro de 2018 que rexirán a contratación do **“SUBMINISTRO DE DIVERSOS AGASALLOS CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DAS DISTINTAS ACTIVIDADES SOCIOCULTURAS RELACIONADAS CO FOMENTO DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ”**.

3º.- Aproba-lo gasto de **14.868,00 €**, para o subministro de agasallos, con cargo á aplicación orzamentaria 9240 2260100, do presuposto do Concello de Vigo distribuídos do xeito seguinte:

2019	7.434.00 € da aplicación 9240 2260100
2020	7.434.00 € da aplicación 9240 2260100

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

7(1417).- MODIFICACIÓN PUNTUAL DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O MINISTERIO DE FOMENTO PARA A RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DA MURALLA DE O CASTRO DE VIGO. EXPTE. 9153/307.

Dáse conta do informe-proposta do 4/12/18, asinado pola xefa de Patrimonio Histórico, a xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial e a concelleira-delegada de Patrimonio Histórico, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

PRIMEIRO.- No monte de O Castro da cidade de Vigo atópanse os restos dun recinto amurallado da Idade Media. A antigüidade de dita muralla motiva que os labores habituais de mantemento, realizados na súa totalidade polo Concello de Vigo, non son suficientes para que o seu estado sexa o máis idóneo, sendo necesario acometer actuacións puntuais por razóns de seguridade (por exemplo, no ano 2015 acometéronse obras de reconstrución da bóveda da porta oeste do recinto amurallado tras a detección de graves deficiencias na mesma).

Estas reparacións son cada vez máis habituais e á vez máis custosas, polo que se prantexa que o máis conveniente é acometer unha rehabilitación integral do ben patrimonial da muralla de O Castro que, ademais de reducir considerablemente os seus custos de mantemento, vele pola súa protección e conservación como parte do patrimonio histórico.

SEGUNDO.- Con data 04/10/2018, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou o PROXECTO DE EXECUCIÓN DE RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DA MURALLA DE O CASTRO DE VIGO, redactado pola empresa ORDENACION TERRITORIAL INFRAESTRUTURAS E MEDIOAMBIENTE, S.L. (OTIMA), e redactado polo enxeñeiro de Camiños, Santiago N López Fontán e o arquitecto Antonio A Iglesias Álvaro-García.

TERCEIRO.- Con data 05/10/18, a Concelleira delegada da Área de Patrimonio Histórico, ordena iniciar expediente para a elaboración e aprobación por parte do Concello de Vigo e o Ministerio de Fomento, dun convenio de colaboración para a execución do proxecto de recuperación e posta en valor da muralla de O Castro .

CUARTO.- A xefa de servizo de Patrimonio Histórico, co conforme da Concelleira delegada da Área, redacta MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O MINISTERIO DE FOMENTO E O CONCELLO DE VIGO PARA A EXECUCIÓN DA RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DA MURALLA DE O CASTRO EN VIGO (PONTEVEDRA), xuntando borrador de convenio, cuxo obxecto é articular o réxime de colaboración entre o Concello e o Ministerio para a financiación da execución das obras.

QUINTO.- En data 09/10/2018, a Xefa de Área de Xestión Patrimonial e Territorial emite informe xurídico concluíndo que “non existe inconveniente legal para que a Xunta de Goberno Local aprobe o convenio entre a CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E MINISTERIO DE FOMENTO PARA A RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DA MURALLA DE O CASTRO EN VIGO.”.

SEXTO.- Na sesión ordinaria do 25 de outubro de 2018 a Xunta de Goberno Local aproba o

texto do convenio entre o Ministerio de Fomento e o Concello de Vigo para a recuperación e posta en valor da muralla de O Castro de Vigo.

SÉTIMO.- O Ministerio de Fomento comunica ao Concello de Vigo que o convenio conta con informe favorable da Dirección xeral de cooperación autonómica e local do Ministerio de Política Territorial e Función Pública e autorización do Ministerio de Facenda, cunha serie de observacións a ter en conta. Estas observacións, relativas á denominación do “convenio”, á cláusula decimotercera e á decimosegunda, se asumen polo servizo de Patrimonio Histórico e se inclúen no texto do convenio en conformidade coas mesmas.

FUNDAMENTOS

I.- Lexislación aplicable

- Normativa reguladora da contratación das Corporacións locais, constituída pola Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro de Transparencia.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Bases de execución orzamento Concello de Vigo 2018.

II.- Convenio

A celebración de convenios entre entidades de dereito público, atópase prevista, con carácter xeral, nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015 de Réxime xurídico do sector público,

En canto ao seu contido, axustado á lexislación de procedemento administrativo e de subvencións, detállase no informe xurídico obrante no expediente.

O interese xeral e a conveniencia na concertación do convenio, recóllese na memoria xustificativa do convenio.

Trataríase de acometer: intervencións de conservación e recuperación de elementos propios da fortaleza; reorganización da accesibilidade ao monumento (que inclúe a recuperación do acceso norte á muralla e a reconsideración da accesibilidade interna), e a mellora da integración ambiental da fortaleza na cidade, intervindo sobre a masa vexetal existente e instalando un sistema de iluminación da muralla.

III.- Procedemento e competencia.

Consta no expediente de aprobación do convenio os documentos necesarios para a súa tramitación: orde de inicio, memoria do convenio e texto do mesmo e informe xurídico.

O artigo 25. 2. letras “a” e “m” da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local, na redacción dada pola lei 27/2013, atribúe ás administracións municipais competen-



Concello de Vigo

cia en materia de protección e xestión do patrimonio histórico e promoción da cultura e equipamentos culturais.

De conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación do convenio .

O art. 8.1. letra "b" da Lei de transparencia obriga a dar publicidade do convenio que se aprobe.

Á vista das anteriores circunstancias formúlase á Xunta de Goberno local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte

PROPOSTA

Primeiro.- Aprobar a modificación puntual do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e o Ministerio de Fomento para a recuperación e posta en valor da muralla de O Castro de Vigo, transcrito no anexo da presente, que inclúe as observacións ordenadas polo Ministerio de Facenda relativas á denominación do "convenio", cláusula decimosegunda e decimoterceira.

Segundo.- Dar conta do presente acordo á Concellería de Xestión municipal ós efectos de publicidade.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE O MINISTERIO DE FOMENTO E O CONCELLO DE VIGO (PONTEVEDRA) PARA A RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DA MURALLA DE O CASTRO VIGO

REUNIDOS

En _____ a, de _____ de 2018

Dunha parte, **D. Pedro Saura García**, secretario de estado de Infraestructuras, transporte e vivenda, en virtude do seu nomeamento polo Real decreto 5111/2018 de 18 de xuño, en nome e representación do Ministerio de Fomento, de acordo co disposto no artigo 62.2.g) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

E doutra, **D. Abel Ramón Caballero Álvarez**, alcalde presidente do Concello de Vigo, en nome e representación do goberno de dito municipio, en virtude das atribucións que lle confire o artigo 124.4 apartados a) y ñ) da Lei 7/1985, de bases de réxime local.

EXPOÑEN

PRIMEIRO: Que corresponde ao Ministerio de Fomento, no ámbito das competencias da Administración Xeral do Estado, a proposta e execución da política do Goberno de acceso á vivenda, edificación, urbanismo, solo e arquitectura, así como a planificación e programación das

correspondentes inversións relativas a esta materia, tendo atribuído un programa de “Ordenación e fomento da edificación”, e dentro del un proxecto de inversión coa numeración 2016.17.09.0619 denominado “Recuperación e posta en valor da muralla de O Castro en Vigo (Pontevedra)”, en virtude do establecido no Real decreto 953/2018, de 27 de xullo, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Fomento e se modifica o Real decreto 424/2016, de 11 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica básica do Ministerio de Fomento.

SEGUNDO: O Concello de Vigo (Pontevedra) dispón do pleno dominio do inmovible e a actuación que se pretende levar a cabo se inserta na área central da cidade de Vigo, ademais de constituir a orixen da mesma, xa que foi o lugar onde se asentaron os primeiros poboadores.

O ámbito de actuación circunscríbese ao recinto amurallado que conforma a fortaleza de O Castro, declarada ben de interese cultural por razón de decreto de 22 de abril de 1949 e está centrado principalmente na recuperación das zonas deterioradas dos recintos defensivos, completada con actuacións de urbanización e integración paisaxística para potenciar o acceso norte á fortaleza (acceso principal en orixen) e mellorar a accesibilidade, ao tempo que se realizan intervencións orientadas á mellora da integración da fortificación na paisaxe urbana, coa eliminación dalgúns elementos discordantes, a intervención sobre a masa vexetal existente e a iluminación do conxunto con criterios e solucións propias da intervención sobre o patrimonio histórico.

TERCEIRO: Que os intervinientes están interesados en colaborar para levar a cabo as obras do proxecto de “Recuperación e posta en valor da muralla de O Castro en Vigo, (Pontevedra) “, que consistirán principalmente en tres liñas de intervención principais:

- Intervencións de conservación e recuperación de elementos propios da fortaleza
- Reorganización da accesibilidade ó monumento: porta norte
- Mellora da integración da fortaleza na paisaxe urbana: iluminación e reestructuración da masa vexetal circundante dando deste xeito cumprimento aos preceptos constitucionais e aumento do patrimonio cultural

Xa que logo, o Ministerio de Fomento e o Concello de Vigo (Pontevedra) acordan formalizar este Convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.-OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto deste Convenio é a realización e financiación das obras para a “Recuperación e posta en valor da muralla de O Castro en Vigo (Pontevedra) “cun presuposto total de **835.196,81 euros** (OITOCENTOS TRINTA E CINCO MIL CENTO NOVENTA E SEIS CON OITENTA E UN CÉNTIMOS) IVE engadido.

SEGUNDA.- PRESUPOSTO, FINANCIACIÓN E ANUALIDADES.

O Ministerio de Fomento, por medio da Dirección xeral de arquitectura, vivenda e solo, comprométese a financiar o 75% das devanditas obras coas seguintes aportacións: **626.397,61 euros** (SEISCENTOS VINTESÉIS MIL TRESCIENTOS NOVENTA E SETE CON SESENTA E UN CÉNTIMOS I VE engadido, con cargo á aplicación orzamentaria 17.009.2610.611, proxecto de inversión 2016.17.09.0619 do seu orzamento.



Concello de Vigo

O Concello de Vigo (Pontevedra) comprométese a financiar as devanditas obras con cargo o seu orzamento municipal mediante a aportación do 25% restante, en total **208.799,20 euros** (DOUSCENTOS OITO MIL SETECENTOS NOVENTA E NOVE MIL CON 20 CÉNTIMOS, IVE engadido con cargo o seu orzamento).

A distribución por anualidades e cantidades seguintes (21% IVA engadido)

ADMINISTRACIÓN	%	ANO 2019	ANO 2020	TOTAL
M. Fomento	75%	145.578,72 €	480.818,89 €	626.397,61 €
Concello Vigo	25%	48.526,24 €	160.272,96 €	208.799,20 €
Total	100%	194.104,96 €	641.091,85 €	835.196,81 €

Con independencia desta cantidade os gastos correspondentes á execución do control arqueolóxico e continuo e intensivo dos movementos de terra ocasionados polas obras de recuperación e posta en valor da muralla de O Castro en Vigo (Pontevedra), así como a realización dun estudo de paramentos, determinados pola Dirección xeral do patrimonio cultural da Xunta de Galicia, valorados nun total de **116.280,06 euros**, serán asumidos na súa totalidade polo Concello de Vigo.

Calquera contracción de gasto que se orixine como consecuencia deste Convenio deberá contar coa fiscalización previa de cada unha das partes que interveñen e queda, polo tanto, sometida á existencia de crédito orzamentario nos respectivos orzamentos.

TERCEIRA.- ÓRGANO DE CONTRATACIÓN.

Dado que o proxecto de obxecto deste Convenio, "Recuperación e posta en valor da muralla de O Castro en Vigo (Pontevedra)" é un instrumento contractual único e o desenvolvemento futuro dos traballos fai imposible a súa segregación en partes de acordo coas responsabilidades financeiras dos organismos asinantes, o Ministerio de Fomento, a través da Dirección xeral de arquitectura, vivenda e solo, realizará a contratación das obras unha vez fiscalizado o gasto do referido proxecto, dacordo co previsto na vixente lexislación de contratos do sector público, Lei 9/2017 de 8 de novembro. É dicir, será a administración contratante das obras.

O Concello de Vigo (Pontevedra) porá a disposición do Ministerio de Fomento o inmobile afectado para que se executen as obras que contén o proxecto.

CUARTA.- ADXUDICACIÓN DAS OBRAS.

O Ministerio de Fomento contratará as obras consonte o procedemento de adxudicación dos contratos do sector público, establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014 (BOE núm. 272, de 9 de novembro de 2017), establecido no Libro Segundo, Títulos I e II.

Unha vez efectuada a licitación a baixa de adxudicación, no caso de producirse, será repercutida nas porcentaxes establecidas para cada parte, que se recollen na cláusula segunda deste Convenio.

No caso de se producir incrementos no custe total da obra, como consecuencia de proxectos modificados, revisións de prezos, complementarios e liquidacións de obra, previa a súa regulamentaria autorización polo órgano de contratación, éstos serán financiados polas partes na mesma proporción a súas aportacións suscribindo, se fóra necesario, cantos documentos se esixan.

QUINTA.- ABONO DA FINANCIAMENTO

Os pagamentos correspondentes ó Concello de Vigo (Pontevedra) serán realizados directamente, á empresa adxudicataria, unha vez presentadas as correspondentes certificacións de obra executada e previamente conformadas por esta administración contratante.

Os libramentos faranse efectivos con cargo aos créditos consinados para cada exercicio orzamentario.

Cada parte asumirá o pagamento dos intereses de demora ou das indemnizacións que foran procedentes por retraso no pagamento que lle corresponda, sen prexuízo do dereito que asiste ao contratista para reclamar á administración contratante (no presente suposto o Ministerio de Fomento) o cumprimento íntegro da obriga de pagamento e, no seu caso, dos xuros.

SEXTA.- REDACCIÓN DO PROXECTO

O proxecto de execución das obras deberá contar co informe favorable da oficina de supervisión de proxectos da Dirección xeral de arquitectura, vivenda e solo, como órgano de contratación e estar aprobado técnicamente con anterioridade á sinatura do presente documento. (acompañase copia dilixenciada como parte integrante do presente documento).

SÉTIMA.- DESTINO APORTACIÓN FINANCEIRA.

A aportación financeira con cargo ao Ministerio de Fomento e ao Concello de Vigo (Pontevedra) está vinculada exclusivamente á financiación das obras devanditas na exposición segunda, sendo o obxecto esencial e único do referido Convenio.

A redacción do proxecto de execución e o estudio de seguridade e saúde das obras así como a dirección facultativa desta, e xa que logo, calqueira aistencia técnica que como consecuencia da mesma puidera ser necesaria, financiaráanse na súa totalidade polo Concello de Vigo (Pontevedra) e polo tanto non son obxecto deste Convenio.

OITAVA.- RECEPCIÓN E LIQUIDACIÓN DAS OBRAS.

Unha vez rematado-los traballos, a Dirección xeral de arquitectura, vivenda e solo procederá á recepción e liquidación das obras, no seu caso, e fará chegar ao Concello de Vigo (Pontevedra) copia das correspondientes actas xunto coa documentación gráfica e escrita que reflicta a situación final e real daquelas. Xa que logo, o inmobile conservará a súa cualificación xurídica oirxinaria.

NOVENA.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO, VIXILANCIA E CONTROL DA EXECUCIÓN DO CONVENIO E DOS COMPROMISOS ADQUIRIDOS POLAS PARTES.

Para os efectos do seguimento da aplicación do presente Convenio, e no prazo dos 15 días seguintes á sinatura do mesmo, crearase unha comisión de seguimento, vixilancia e control da execución do Convenio e dos compromisos adquiridos polas partes, integrada por tres representantes do Ministerio de Fomento (un deles, xurídico) e outros tres por parte do Concello de Vigo (Pontevedra), sendo presidida por un representante do Ministerio de Fomento, o cal ostentará voto de calidade no caso de empate, e que será a encargada do seguimento das obras así como de resolver os problemas que puideran xurdir na interpretación do presente Convenio, así como da vixilancia e cumprimento dos compromisos adquiridos polos intervinentes, asegurándose o seu control polo Tribunal de Contas. Un dos representantes do Ministerio de Fomento será desinado pola delegación do Goberno en Galicia.

Os acordos tomados na devandita comisión serán de obrigado cumprimento para as dúas partes, e, se fose necesario, se asinarán os documentos pertinentes.

O réxime xurídico desta comisión será o establecido no Capítulo II, Sección 3ª e 4ª do Título Preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público que regula os órganos das administracións públicas.



Concello de Vigo

DÉCIMA.- INFORMACIÓN.

A efectos informativos e de coñecemento público, durante o tempo de duración da obra, instalaráse nun lugar ben visible dende a vía pública un cartel publicitario das dimensións, tipoloxía e contido que facilitará o Ministerio de Fomento, no que se farán constar as características da obra e o grao de participación na mesma das entidades asinantes.

Do mesmo xeito, as partes comprométese a reflectir en calquera difusión pública que se faga das obras, a participación das entidades que interviron nela e a súa financiación mesmo no caso de que a devandita difusión se levara a cabo con posterioridade ao remate dos traballos.

A colaboración financeira das partes asinantes deste Convenio deberá quedar expresamente reseñada nun lugar visible, de xeito permanente, do acceso á actuación no intre da inauguración e/ou recepción.

UNDÉCIMA.- ENTREGA AO USO PÚBLICO

Unha vez rematada-las obras e, se procede a súa recepción ou entrega para o uso público, o Ministerio de Fomento fará entrega do inmovible ao Concello de Vigo (Pontevedra) sen prexuízo de continuar coas funcións que, como órgano de contratación, lle corresponde ata a liquidación das obras.

O Concello de Vigo (Pontevedra) comprométese a non organizar acto ningún ata que se leve a cabo a devandita recepción ou entrega ao uso público. En todo caso, o Ministerio de Fomento, como órgano de contratación, deberá autorizar calquera tipo de uso que se pretenda realizar.

DUODÉCIMA.- DURACIÓN

O Convenio entrará en vigor dende a súa data de publicación no BOE, tra-la inscrición no Rexistro electrónico estatal de órganos e instrumentos de cooperación do sector público estatal e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2021. Antes do seu remate e previo ao cumprimento de tódolos trámites e requisitos, as partes poderán acordar unánimemente a su prórroga, que en ningún caso poderá sobrepasar un período máximo doutros catro anos adicionais, debendo ser comunicada dita prórroga ao referido Rexistro electrónico estatal de órganos e instrumentos de cooperación.

DÉCIMOTERCEIRA.- MODIFICACIÓN, EXTINCIÓN E RESOLUCIÓN

O presente Convenio, poderá ser modificado de mutuo acordo entre as partes que interveñen no mesmo, consonte ao establecido no artigo 49.g) da Lei 40/2015.

O Convenio extinguirásese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto (artigo 51.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro) e, ademáis, por incurrir nalgunha das causas de resolución previstas no artigo 51.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requerimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requerimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio y e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requerimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará a ámbalas dúas partes asinantes a concurrencia da causa de resolución e entenderásese resolto o Convenio. A causante do incumprimento deberá devolver o importe invertido na obra ata ese momento á outra e farásese cargo do lucro cesante derivado da resolución do contrato, consonte ó establecido no artigo 49.e) da Lei 40/2015, de 1 de outubro.

- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores previstas no Convenio ou noutras leis.

No caso de extinción anticipada deste Convenio, por causas alleas á vontade das institucións asinantes, os custes que puideran xenerarse serán asumidos por cada unha delas na mesma proporción establecida para a realización das súas aportacións. Se a extinción fose ocasionada porque algunha delas desiste, serán pola súa conta os maiores custes que puidesen producirse, puidendo o organismo restante adopta-lo acordo que considere pertinente respecto á continuidade e ao xeito de financiación da actuación.

Cando concurra algunha causa de resolución do convenio, de existir actuacións en curso de execución, poderase acordar a continuación e finalización destas nun prazo improrrogable, que será fixado polas partes, transcorrido o que o convenio deberá liquidarse.

DÉCIMOCUARTA.- NATURALEZA E RÉXIME XURÍDICO.

Este Convenio ten natureza administrativa e se rixe polo disposto no Capítulo VI, do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro de Réxime xurídico do sector público e demais normas de dereito administrativo aplicables.

As cuestións litixiosas e os desacordos respecto a súa execución e interpretación que non puideran resolverse de xeito amistoso no seno da comisión de seguimento, vixilancia e control, serán sometidos á xurisdicción contencioso administrativa.

E, en proba de conformidade, suscríbese este Convenio no lugar e data enriba indicados, por duplicado exemplar e a un só efecto, quedando un deles en poder de cada unha das partes.

8(1418).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE TRES OFICIAIS CONDUTORES BAIXO A MODALIDADE DO ARTIGO 10.1.D) DO RDL 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO (TREBEP), POR UN PERÍODO MÁXIMO DE 6 MESES PARA O SERVIZO DE PARQUE MÓBIL. EXPTE. 32843/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 29/11/18, dáse conta do informe-proposta de data 15/11/18, asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Con data 10/10/2018, o Xefe da Unidade mantemento de vías municipais e o Concelleiro Delegado das Áreas de Fomento, Limpeza e Contratación, remiten oficio manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino de, entre outros tres oficiais condutores/as por mor da situación existente no Servizo de Parque móbil e para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

2.- En resposta a esta petición, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 18/10/2018 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas de tres oficiais condutores á Xunta de Goberno Local, previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses.



Concello de Vigo

3.- Con data 14/11/2018, emítase polo Técnico de Organización e Planificación, informe técnico-económico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: **1º)** cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer

grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.”

En similar sentido, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**”

II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 233-oficial condutor da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no



Concello de Vigo

ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sostenibilidade Financeira.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito de 10/10/2018, do Xefe da unidade de mantemento de vias municipais e o Concelleiro Delegado das Áreas de Fomento, Limpeza e Contratación, así coma na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 18/10/2018, no que se ordena o inicio do presente expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

IV. - Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico-económico emitido polo Técnico de Organización e Planificación, obrante no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, de tres oficiais condutores/as, supón un gasto de **36.122,54 €** (da referida cantidade 6.887,14 €, corresponde a presente exercicio e, 29.235,40 € ao vindeiro exercicio 2019), e

ao que haberá que engadirse a cantidade de 13.220,54 € (Da referida cantidade 2.520,64€, corresponde a presente exercicio e, 10.699,90€ ao vindeiro exercicio 2019) en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente", prevista no vixente orzamento 2017 aprobado para o vixente exercicio, dentro do Capitulo I de gastos.

V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa obrante no expediente "Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Oficial-condutor, existe listaxe vixente con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificada a listaxe indicada, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento de **Bernárdez Rodríguez, D., con DNI ****961-S, Iglesias Rodríguez J.B., con DNI ****623-J e Vázquez Martínez, B., con DNI ****352-W**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica."

Os/as mesmos/as aceptaron expresamente mediante escritos que constan anexados ao expediente, optar aos referidos nomeamentos interinos por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Area de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de tres funcionarios/as interino/a por acumulación de tarefas, como oficial condutor ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades de servizo de Parque Móbil que



Concello de Vigo

constan no escrito de data 10/10/2018, e en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **36.122,54 €** (da referida cantidade 6.887,14 €, corresponde a presente exercicio e, 29.235,40 € ao vindeiro exercicio 2019), xunto aos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico-económico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear como funcionarios interinos por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a **Bernárdez Rodríguez, D., con DNI ****961-S, Iglesias Rodríguez J.B., con DNI ****623-J e Vázquez Martínez, B., con DNI ****352-W**, na súa condición de seguintes aspirantes e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto cód. 233, oficial condutor, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), sendo adscrito ao Servizo de Parque Móbil, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral do/da funcionario/a interino/a nomeado/a desenvolverase no horario establecido segundo as necesidades, pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida, ou a quendas; garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo ó/ás aspirantes nomeado/as, o Xefe da unidade de mantemento de viais municipais, á Intervención Xeral, á Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(1419).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE UN/UNHA AUXILIAR DE ADMÓN. XERAL BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ARTIGO 10.1.D) DO RDL DO 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO (TREBEP) POR UN PRAZO MÁXIMO DE SEIS MESES PARA O SERVIZO DE ESTATÍSTICA. EXPTE. 32941/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 29/11/18, dáse conta do informe-proposta de data 27/11/18, asinado pola técnica de Administración Xeral, o xefe da Área de Recursos Humanos e Formación, e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Con data 30/10/2018, a Xefa do Servizo de estadística coa conformidade da Xefa da Área de Réxime Interior, remite oficio manifestando a urxente necesidade de auxiliares de administración xeral para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

2.- En resposta a esta petición, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 14/11/2018 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local dun/dunha auxiliar de administración xeral por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses.

3.- Con data 14/11/2018, emítese polo Técnico de organización e planificación informe técnico-económico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.



Concello de Vigo

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

(....) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: **1º)** cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la**

reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 138-auxiliar, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.



Concello de Vigo

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sostibilidade Financeira.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito da xefa de Estadística e a xefa de Réxime interior así coma na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 14/11/2018, no que se ordena o inicio do presente expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

IV. - Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico-económico emitido polo Técnico de Organización e Planificación, que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses dun/dunha auxiliar de administración xeral para o Servizo de estadística, supón un gasto de **11.747,93 €** (dos que 2.240,02 €, corresponde a presente exercicio e, 9.507,91€ ao vindeiro exercicio 2019), e ao que haberá que engadirse a cantidade de **3.606,84 €** (dos que 687,68€, corresponde a presente exercicio e, 2.919,16€ ao vindeiro exercicio 2019) en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa.

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente".

V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa obrante no expediente "Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de auxiliar de administración xeral, existe listaxe vixente con persoas en condicións de ser nomeadas.

Que verificada a listaxe indicada, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento de **Da. M.P. Brasa Iñarrea con DNI *****573-P**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.”

O/a mesmo/a aceptou expresamente mediante escrito que consta anexado ao expediente optar ao referido nomeamento interino por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Area de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, como **auxiliar de administración xeral**, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificadas nas necesidades do Servizo de estadística contidas no escrito do 14/11/2018 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **11.747,93 €** (dos que 2.240,02 €, corresponde a presente exercicio e, 9.507,91 € ao vindeiro exercicio 2019), xunto aos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico-económico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear como funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a **D^a. M.P. Brasa Iñarrea con DNI *****573-P**, na súa condición de seguinte aspirante na lista que superaron todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.



Concello de Vigo

TERCEIRO: Dispoñer que o referido nomeamento faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto (posto cód. 138-auxiliar), sendo adscrito/a ao Servizo de Estadística, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral do/da funcionario/a interino/a nomeado/a desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo ó/á aspirante nomeado/a, á Xefa de Estadística, á Intervención Xeral, á Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(1420).- INDEMNIZACIÓN POR XUBILACIÓN ANTICIPADA DOS FUNCIONARIOS MUNICIPAIS CON Nº DE PERSOAL 14060, 15622, 60114, 77000 E 12606. EXPTE. 32943/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 27/11/18, dáse conta do informe-proposta de data 29/11/18, asinado pola xefa de Negociado de Persoal-Seguridade Social, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- A medio de instancias de datas 07/08/2018 (doc. 18013332), 04/09/2018 (doc. 180144541), 18/09/2018 (doc. 180151154), 02/10/2018 (doc. 180158896) e 26/10/2018 (doc. 180172610) os empregados municipais con números de persoal 14060, 15622, 60114, 77000 e 12606 e DNIs e 14090 e DNIs *****133-J e *****830-Y, solicitan o abono a xubilación anticipada.

2.- Ditos empregadas solicitaron a xubilación voluntaria o efectivo 14060 con efectos do 23/10/2017; o efectivo 15622 con efectos do 31/12/2018; o efectivo 60114 con efectos do 28/12/2018; o efectivo 77000 con efectos do 11/12/2018 e o efectivo 12606 con efectos 1/12/2018, aportando informe de vida laboral, informe de simulación de xubilación da Tesorería Xeral da Seguridade Social, así como declaración xurada de conformidade cos datos que lle facilitou dito organismo, acreditando que cumpría os requisitos para acceder a dita situación, a cal foi autorizada por resolucións do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal de datas 28/09/2017, expte. 30369-220; 14/10/2018 expte. 32892-220; 14/10/2018, expte. 32891-220; 31/10/2018 expte. 32868-220 e 31/10/2018 expte. 32859-220, respectivamente.

3.- A regulación legal da xubilación ven recollida na Lei 27/2011, de 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do Sistema da Seguridade Social que efectuou unha modificación no relativo á xubilación anticipada, recollida no Real Decreto Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei da Seguridade Social, podendo os empregados municipais por vontade propia acceder á xubilación anticipada, sempre que reunan os requisitos legais necesarios para elo.

4.- A Corporación municipal en sesión de 28 de decembro de 1998, aprobou o vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo, onde no seu Capítulo IX Acción Social, no seu artigo 33 recollese este incentivo, que se transcribe literalmente:

“Artigo 33.- Incentivos á xubilación anticipada.

A xubilación producírase ós 65 anos de idade sen prexuízo de prórroga no servizo que autorice a lexislación vixente.

A xubilación voluntaria antes de cumprí-la dita idade, e sempre que legalmente sexa posible, dara lugar a unha indemnización polos seguintes importes:

Se se xubila ós 60 anos: 1.500.000.- ptas.

Se se xubila ós 61 anos: 1.300.000.- ptas.

Se se xubila ós 62 anos: 1.00.000.- ptas.

Se se xubila ós 63 anos: 800.000.- ptas.

Se se xubila ós 64 anos: 600.000.- ptas.”



Concello de Vigo

4.- Con datas 17 e 21 de decembro de 2015, a Comisión Paritaria de Seguimento do Acordo Regulador, acordou o mantemento do artigo 33 así como fixar un criterio de cómputo de aplicación de proporcionalidade. A tal efecto, incorpórase copia de dita acta ao presente expediente.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- Lei 27/201, de 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social.
- Real decreto legislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei da Seguridade Social.
- Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo (art. 33).
- Os actos administrativos de contido económico deben ser obxecto da preceptiva fiscalización, de conformidade co establecido nos artigos 213 a 223 do Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e Bases de execución dos Orzamentos Municipais para cada exercicio económico.

CONCLUSION

Procede o outorgamento do incentivo á xubilación anticipada ao empregado 14060 , que contaba a data de xubilación con 59 anos, por importe de 9.015,18 €.; o empregado 15622, que conta a data de xubilación con 64 anos e 2 meses, por importe de 3.005,06 €; ao empregado 60114 que conta a data de xubilación con 64 anos e 7 meses 1.502,53 €.; a empregada 77000 que conta a data de xubilación con 63 anos e 6 meses 4.207,09 €. e o empregado 12606 que conta a data de xubilación con 64 anos e dous meses por importe de 3.005,06 €, o que fai un total de 20.734,92 €, que deberán imputarse a partida 22101610400 "Reserva para xubilación anticipada".

RÉXIME COMPETENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO:

Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, e de conformidade coas competencias recollidas no art. 127,1 apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a modernización do Goberno Local, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral se emita; previa a conformidade da Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións de competencias efectuadas en datas 19/09/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunga de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

"Primeiro.- Estimar as solicitudes de incentivo á xubilación anticipada e acceder ao outorgamento con cargo a partida 22101610400, aos empregados que se indican: 14060, con DNI *****073-X por importe de 9.015,18 €.; 15622, con DNI*****399-S, por importe de 3.005,06 €; 60114, con DNI *****773-E por importe 1.502,53 €.; 77000, con DNI *****732-E por importe de 4.207,09 €. e o empregado 12606 con DNI *****378-F, por importe de 3.005,06 €, en base ao informe que antecede.

Segundo.- Acordar que se proceda a súa inclusión na nómina municipal (v.ref. expte. 30171-220).

Terceiro.- Notifíquese o presente acordo aos interesados, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito."

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(1421).- PROPOSTA DE ABOAMENTO DE VACACIÓNS CORRESPONDENTES A 2017 E 2018 DO EMPREGADO CON Nº DE PERSOAL 61108. EXPTE. 32982/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 27/11/18, dáse conta do informe-proposta de data 21/11/18, asinado pola xefa de Negociado de Persoal-Seguridade Social, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- En data 10/05/2018 (doc. 180070873), D. S. Vázquez Maceiras, con DNI nº *****872-X, presenta solicitude de abono de vacacións devengadas e non disfrutadas correspondentes ao ano 2017 e 2018.



Concello de Vigo

II.- O Sr. Vázquez Maceiras, empregado municipal en réxime laboral, interino con cargo a vacante de axudante mantemento do Servizo de Deportes, causou baixa por incapacidade temporal en 20/03/2017 e procedendo a efectuar a súa baixa como empregado municipal en data 18/04/2018, como consecuencia da resolución do INSS (doc. 180063047) pola que se lle recoñece unha prestación por Incapacidade Permanente No Grao de Total.

III.- Que comprobados os programas de xestión da Área de Recursos Humanos e Formación, compróbase que o Sr. Vázquez Maceiras, non disfrutou ningún día de vacacións no ano 2017 e consecuentemente tampoco no ano 2018, correspondéndolle un total de 39 días, o que supón un total de 2.413,26 euros.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Con carácter previo resulta necesario deixar constancia de que o presente informe-proposta emítese ao abeiro do disposto no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, conténdose no mesmo a interpretación razoada e fundada en Dereito –xurídica, doutrinal e xurisprudencialmente motivada- da funcionaria suscribinte, na súa condición de técnico de Administración Xeral (rama xurídica) do Concello de Vigo; interpretación xurídica debidamente razoada ou argumentum ad iudicium que, como toda interpretación, resulta susceptible de ser contradita ou debatida coa correspondente argumentación xurídica a sensu contrario.

Por tal motivo, estímase necesario indicar que o órgano competente pode recabar, se así se estima oportuno e procedente, informe ou asesoramento adicional por parte do órgano responsable do asesoramento ao Alcalde e á Xunta de Goberno Local, nos termos do preceptuado no artigo 129 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

II.- O artigo 50 do TREBEP establece que: “1. Los funcionarios públicos tendrán derecho a disfrutar, durante cada año natural, de unas vacaciones retribuidas de veintidós días hábiles, o de los días que correspondan proporcionalmente si el tiempo de servicio durante el año fue menor.

A los efectos de lo previsto en el presente artículo, no se considerarán como días hábiles los sábados, sin perjuicio de las adaptaciones que se establezcan para los horarios especiales.

2. Cuando las situaciones de permiso de maternidad, incapacidad temporal, riesgo durante la lactancia o riesgo durante el embarazo impidan iniciar el disfrute de las vacaciones dentro del año natural al que correspondan, o una vez iniciado el periodo vacacional sobreviniera una de dichas situaciones, el periodo vacacional se podrá disfrutar aunque haya terminado el año natural a que correspondan y siempre que no hayan transcurrido más de dieciocho meses a partir del final del año en que se hayan originado.”

Polo tanto, en principio non hai posibilidade de disfrutar as vacacións fora do período establecido para elo.

Non obstante o anterior, debemos ter en conto o dereito e a xurisprudencia comunitaria ao respecto, que no orden de prelación, debe prevalecer sobre o dereito positivo interno de cada estado membro da Unión Europea.

Neste sentido hai que ter en conta a Sentencia do Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas de data 20/01/2009 que ten como Marco Xurídico a Directiva 2003/88/CE del

Parlamento Europeo e del Consello, de 4 de novembro de 2003, relativa a determinados aspectos da ordenación do tempo de traballo.

Da citada norma interesa destacar que: “Art 7.- “1. Los Estados miembros adoptarán las medidas necesarias para que todos los trabajadores dispongan de un período de al menos cuatro semanas de vacaciones anuales retribuidas, de conformidad con las condiciones de obtención y concesión establecidas en las legislaciones y/o prácticas nacionales.

2. El período mínimo de vacaciones anuales retribuidas no podrá ser sustituido por una compensación financiera, excepto en caso de conclusión de la relación laboral.»

Pola súa banda o artigo 17 da Directiva 2003/88 prevé que “los Estados miembros podrán establecer excepciones a lo dispuesto en determinados artículos de dicha Directiva. No se admite excepción alguna en lo que atañe al artículo 7 de la misma.”

Segundo a citada Sentencia: “33...el órgano jurisdiccional remitente pide en lo sustancial que se dilucide si el artículo 7, apartado 1, de la Directiva 2003/88 debe interpretarse en el sentido de que se opone a disposiciones o prácticas nacionales según las cuales el derecho a vacaciones anuales retribuidas se extingue al finalizar el período de devengo de las mismas y/o el período de prórroga fijado por el Derecho nacional, incluso cuando el trabajador se haya encontrado en situación de baja por enfermedad durante la totalidad o parte del período de devengo de las vacaciones anuales y su incapacidad laboral haya perdurado hasta la finalización de su relación laboral...”

36 ...procede, pues, examinar qué límites a dicho principio se imponen en las circunstancias específicas del asunto c-350/06. – situación de baja por enfermedad durante todo el período de devengo de las vacaciones anuales y que perdura en el momento en que finaliza dicho período y/o el período de prórroga.

...

41 De ello se deduce que, cuando se trata de trabajadores en situación de baja por enfermedad debidamente prescrita, ningún Estado miembro puede supeditar el derecho a vacaciones anuales retribuidas, que la propia Directiva 2003/88 atribuye a todos los trabajadores (sentencia BECTU, antes citada, apartados 52 y 53), al requisito de haber trabajado efectivamente durante el período de devengo de las vacaciones anuales establecido en el Estado de que se trate.

... El artículo 7, apartado 1, de la Directiva 2003/88 no se opone, en principio, a una normativa nacional que establezca modalidades de ejercicio del derecho a vacaciones anuales retribuidas que atribuye expresamente esta Directiva, aun cuando tal normativa llegue hasta el extremo de incluir la pérdida de dicho derecho al término del período de devengo de las vacaciones anuales o del período de prórroga, siempre y cuando el trabajador, cuyo derecho a vacaciones anuales retribuidas se haya perdido, haya tenido efectivamente la posibilidad de ejercitar el derecho que le atribuye la Directiva.

... admitir que, en las circunstancias específicas de incapacidad laboral descritas en el apartado anterior, las disposiciones nacionales pertinentes –y, en particular, aquellas que fijan el período de prórroga– puedan prever la extinción del derecho a vacaciones anuales retribuidas que el artículo 7, apartado 1, de la directiva 2003/88 garantiza al trabajador, sin que éste haya tenido efectivamente la posibilidad de ejercitar el derecho que le reconoce la citada directiva, supondría la vulneración por tales disposiciones del derecho social que el artículo 7 de la citada directiva atribuye a todo trabajador.



Concello de Vigo

... De lo que antecede resulta que el artículo 7.1 de la Directiva 2003/88 debe interpretarse en el sentido de que se **opone a disposiciones o prácticas nacionales que prevean que el derecho a vacaciones anuales retribuidas se extingue al finalizar el período de devengo de las vacaciones anuales y/o el período de prórroga fijado por el propio derecho nacional, incluso cuando el trabajador se haya encontrado en situación de baja por enfermedad durante todo el período de devengo y su incapacidad laboral haya perdurado hasta la finalización de su relación laboral, razón por la cual no haya podido ejercitar su derecho a vacaciones anuales retribuidas.**

No ámbito nacional a Sentencia do Tribunal Supremo de 24 de xuño de 2009 en unificación de doutrina, con referencia á anterior Sentencia de 20/01/09 del Tribunal de Xusticia das Comunidades Europeas e ao artigo 7 da Directiva 2003/88 se pronuncia do seguinte xeito: "... conforme a esta constante doctrina del TJCE, los Tribunales nacionales han de interpretar al límite el Derecho interno, al objeto de alcanzar una interpretación que sea acorde con las Directivas y los principios del Derecho Comunitario "Interpretación pro communitate que incluso se llega a predicar respecto de la propia Constitución, puesto que «las normas constitucionales que reconocen los derechos y libertades han de interpretarse de conformidad con la Declaración Universal de Derechos Humanos y los Tratados y acuerdos internacionales sobre las mismas materias ratificados por España» [art. 10.2 de la Constitución)De lo que se deriva -se ha dicho- la consideración del Derecho Comunitario como canon hermenéutico del bloque de constitucionalidad, muy particularmente cuando el nivel de protección dispensado al ciudadano es superior al proporcionado por la Constitución, a virtud del juego combinado de los arts. 10.2 y 93 CE . Siquiera también se mantenga la conveniencia, todo hay que decirlo, de la interpretación pro constitutione del Tratado...

...no tenemos duda alguna sobre el significado atribuible a los principios que se exponen en diversos apartados de la sentencia Shultz- Hoff [muy significativamente en los numerales 48, 45 y 49]; y que hemos de aplicar tales principios -de indubitado sentido objetivo, entendemos como elemento interpretativo de nuestra propia legislación, que -como más arriba señalamos- no dispone de previsión específica sobre la cuestión litigiosa....para llegar así a una solución que comporta la protección del derecho a vacaciones en términos no inferiores a la otorgada por la Sentencia Shultz-Hoff a los específicos supuestos de que la misma trataba.

... Pero en la solución del caso, desde la óptica de la normativa interna y actuando como obligado elemento interpretativo la Directiva 2003/88/ CE [en la forma en que la ha entendido la STJCE 20/01/09], bien podrían servir las siguientes consideraciones:

a) Si bien el derecho a vacaciones retribuidas está enmarcado en la relación individual de trabajo, debe contemplarse dentro del contexto socio-jurídico del Estado Social y democrático de derecho que nuestra Constitución proclama y garantiza [art. 1], lo que impone una interpretación integradora de la normación ordinaria [art. 38 ET], del derecho constitucional [art. 40.2 CE] y de la normativa de la OIT [art. 10]. El derecho a vacaciones anuales retribuidas, sin ser absoluto en cuanto a las fechas de su ejercicio, forma parte del núcleo irrenunciable de los derechos propios de un Estado social. Todo ello no quiere decir que tanto el legislador como la Administración no puedan poner límites al disfrute efectivo de las vacaciones, pero sí que la protección constitucional de las vacaciones sólo permite los límites derivados de su propia naturaleza y finalidad o los que aparezcan impuestos por la necesaria protección de un interés constitucionalmente legítimo, y respetuosos con el principio de proporcionalidad»

c)...el pleno disfrute del derecho a las vacaciones únicamente puede conseguirse cuando el trabajador se encuentre en condiciones físicas y mentales de hacer uso del mismo, de forma que no cabe entender que un trabajador en situación de IT pueda disfrutar adecuadamente de las finalidades atribuidas a las vacaciones.

d).- El art. 10 del Convenio 132 OIT claramente alude a la obligada coordinación de los intereses empresariales y de los trabajadores a los efectos de fijar el periodo vacacional, y este mandato obliga -a la luz de la STJCE 28/01/09- a decantarse por la primacía de los intereses de los operarios en los supuestos de que tratamos [IT previa a vacación fijada]; lo contrario comportaría una subordinación del derecho del trabajador ajena a los límites «impuestos por la necesaria protección de un interés constitucionalmente legítimo, y respetuosos con el principio de proporcionalidad».

Do exposto cabe concluir que o empregado municipal Sr. Vázquez Maceiras, que pasou a situación de Incapacidade Permanente no Grado de Total en data 18/04/2018, devengou o dereito a vacacións retribuídas e non disfrutadas de exercicios anteriores como consecuencia de que estivera en situación de Incapacidade Temporal dende o 19/03/2017 ata o 18/04/2018, data na que causou baixa no Concello de Vigo. En consecuencia a retribución das vacacións non disfrutadas correspondentes aos anos 207 e 2018 (39 días) ascendería a cantidade de 2.413,26 euros.

III.- RÉXIME COMPETENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO

De conformidade coas competencias recollidas no artigo 127.1, apartado h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para a xestión do persoal e para o exercicio daquelas competencias que en materia de persoal non estean expresamente atribuídas a outro órgano municipal.

Por tanto, e coa conformidade do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal (Decreto da Excm. Alcaldía de data 19/06/2015 e Acordo da XGL de 19/06/2015) elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Estimar a solicitude presentada por D. S. Vázquez Maceiras con DNI nº *****872-R, correspondente ao abono das vacacións devengadas e non disfrutadas nos anos 2017 e 2018, como consecuencia do seu pase a situación de Incapacidade Permanente no Grado de Total.

SEGUNDO.- En consecuencia acordar o abono o solicitante polo concepto indicado da cantidade de DOUS MIL CATROCENTOS TRECE EUROS CON VINTESEIS CÉNTIMOS (2.413,26 euros).

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ó interesado, a Intervención xeral, ao persoal técnico de Recursos Humanos e Formación.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da



Concello de Vigo

Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social .

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(1422).- PROPOSTA DESESTIMATORIA DE RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN EN RELACIÓN CON RECOÑECIMENTO DE DEREITOS E CANTIDADES POR ABONO DE GRATIFICACIÓN DE EXCESO DE XORNADA, DO FUNCIONARIO MUNICIPAL CON Nº DE PERSOAL 16515. EXPTE. 33039/220.

Dáse conta do informe-proposta do 27/11/18, asinado pola técnica de Administración Xeral, a Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE HECHO

I.- En data 30/07/2018 o funcionario municipal con nº persoal 16515, solicitou recoñecemento de dereitos e cantidades (abono gratificación exceso de xornada), baseado na non inclusión do importe das pagas extras no calculo do aboamento do exceso de xornada realizado.

II.- Nas instrucións de plantilla vixentes, no apartado cuarto a) servizos extraordinarios, regula a fórmula de cálculo da hora extraordinaria, aboándose de acordo ao previsto no Acordo Regulador das condicións de traballo. "Unha vez realizados os servizos de carácter extraordinario que excedan da xornada norma de traballo e que por circunstancias extraordinarias debidamente xustificadas polo Xefe do Servizo conforme non poidan ser compensados con descanso -o que se xustificará coa solicitude do funcionario e a negativa fundamentada do xefe do servizo-, aboaranse aplicando o importe previsto no Acordo regulador de condicións económicas e sociais do persoal ao servizo da Corporación; a razón do resultado da división das retribucións fixas e periódicas mensuais por 30 e o resultado por 7,25 horas e multiplicando a que resulte polo número de horas realizadas en exceso, sen prexuízo das recargas que procedan por nocturnidade ou festividade."

III.- A súa solicitude foi desestimada mediante Acordo da Xunta de Goberno Local de data 11/10/2018 (expte 32419-220), notificado o 16/11/2018.

IV.- Na data 16/11/2018 o funcionario municipal nº persoal 16515, interpón recurso de reposición contra o citado Acordo da Xunta de Goberno Local.

NORMATIVA DE APLICACIÓN.

1.- Constitución española

2.- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

3.- Lei 39/2015, de 1 de outubro, Lei do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

4.- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, Texto Refundido del Estatuto Básico do Empregado Público.

5.- Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da Función Pública

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

I.- Lexitimación e prazo.

En canto á lexitimación para interpor o recurso de reposición, dispón o artigo 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local que, contra os actos e acordos das entidades locais que poñan fin a vía administrativa, poderán os interesados exercer as accións que procedan ante a xurisdicción competente, podendo non obstante, interpor con carácter previo e potestativo recurso de reposición.

No mesmo sentido o artigo 112 da Lei 39/2015 determina que conta as resolucións e os actos de trámite cualificados poderán interpoñerse polos interesados os recursos de alzada e potestativo de reposición.

No caso que nos ocupa é indubidable a lexitimación do recorrente posto que é titular de dereitos e intereses lexítimos, persoais e directos afectados polo acto que agora se impugna.

O prazo de impugnación é de un mes (artigo 124 da lei 39/2015) dende a notificación ou publicación do acto ou acordo impugnado, prazo respectado polo recorrente, en tanto que o 16/10/2018, foi notificado o acordo agora impugnado, presentando o recurso o día 16/11/2018.

Resulta necesario deixar constancia de que o presente informe-proposta emítese ao abeiro do disposto no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, conténdose no mesmo a interpretación razoada e fundada en Dereito –xurídica, doutrinal e xurisprudencialmente motivada- da funcionaria suscribinte, na súa condición de técnico de Administración Xeral (rama xurídica) do Concello de Vigo; interpretación xurídica debidamente razoada ou argumentum ad iudicium que, como toda interpretación, resulta susceptible de ser contradita ou debatida coa correspondente argumentación xurídica a sensu contrario.

Por tal motivo, estímase necesario indicar que o órgano competente pode recabar, se así se estima oportuno e procedente, informe ou asesoramento adicional por parte do órgano responsable do asesoramento ao Alcalde e á Xunta de Goberno Local, nos termos do preceptuado no artigo 129 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

II.- Alegacións.

O recorrente interpón recurso alegando os mesmos feitos que na súa resolución, entendendo que o abono das horas realizadas en exceso de xornada, é incorrecto toda vez que o valor é inferior ao que lle corresponde legalmente. Entende que debe incluírse na fórmula utilizada as pagas extraordinarias.



Concello de Vigo

As alegacións do recorrente non desvirtúan o establecido no Acordo da Xunta de Goberno Local agora recorrido, e cuxos fundamentos xurídicos polo que aquí interesa, reproducimos a continuación:

“II.- Os servizos extraordinarios na normativa vixente.-

O artigo 92.1 da LBRL, na redacción introducida pola Lei 27/2013 de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local, ven a establecer a prelación no sistema de fontes normativas de aplicación aos funcionarios locais, indicando que, en primeiro lugar, les será de aplicación a propia Lei 7/1985, e no non disposto por ela “(...) la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público, por la restante legislación del Estado en materia de función pública, así como por la legislación de las Comunidades Autónomas, en los términos del artículo 149.1.18.^a de la Constitución.”

A cita do Estatuto Básico do Empleado Público haberá que entendela na actualidade referida ao Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empleado Público (TREBEP). De acordo a esa prelación, e no que se refire ás retribucións o artigo 93 da LBRL dispón:

“1. Las retribuciones básicas de los funcionarios locales tendrán la misma estructura e idéntica cuantía que las establecidas con carácter general para toda la función pública.

2. Las retribuciones complementarias se atenderán, así mismo, a la estructura y criterios de valoración objetiva de las del resto de los funcionarios públicos.

3. Las Corporaciones locales reflejarán anualmente en sus Presupuestos la cuantía de las retribuciones de sus funcionarios en los términos previstos en la legislación básica sobre función pública”.

Pola súa banda o artigo 24 do RDL 5/5015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido del Estatuto Básico do Empleado Público, dispón que “La cuantía y estructura de las retribuciones complementarias de los funcionarios se establecerán por las correspondientes leyes de cada Administración Pública atendiendo, entre otros, a los siguientes factores:...d) **Los servicios extraordinarios prestados fuera de la jornada normal de trabajo.**”

La Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da Función Pública, establece no seu apartado 3.” Son retribucións complementarias:

- **a)** El complemento de destino correspondiente al nivel del puesto que se desempeñe.
- **b)** El complemento específico destinado a retribuir las condiciones particulares de algunos puestos de trabajo en atención a su especial dificultad técnica, dedicación, responsabilidad, incompatibilidad, peligrosidad o penosidad. En ningún caso podrá asignarse más de un complemento específico a cada puesto de trabajo.
- **c)** El complemento de productividad destinado a retribuir el especial rendimiento, la actividad extraordinaria y el interés o iniciativa con que el funcionario desempeñe su trabajo.

Su cuantía global no podrá exceder de un porcentaje sobre los costes totales de personal de cada programa y de cada órgano que se determinará en la Ley de Presupuestos. El responsable de la gestión de cada programa de gasto, dentro de

las correspondientes dotaciones presupuestarias determinará, de acuerdo con la normativa establecida en la Ley de Presupuestos, la cuantía individual que corresponda, en su caso, a cada funcionario.

En todo caso, las cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de conocimiento público de los demás funcionarios del Departamento u Organismo interesado así como de los representantes sindicales.

- **d) Las gratificaciones por servicios extraordinarios, fuera de la jornada normal, que en ningún caso podrán ser fijas en su cuantía y periódicas en su devengo.**

Xunto a esta lexislación de carácter básico, cóntase cunha normativa regulamentaria especificamente aplicable aos funcionarios locais - Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local - , ditada, como indica o seu preámbulo, en desenvolvemento da Lei reguladora das Bases do Réxime Xeral. Esta normativa, logo de incidir que os funcionarios locais solo poderán ser retribuídos polos conceptos establecidos legalmente, refírese ás gratificacións no artigo 6 “... Las gratificaciones, que en ningún caso podrán ser fijas en su cuantía ni periódicas en su devengo, habrán de responder a servicios extraordinarios realizados fuera de la jornada normal de trabajo.”

Da normativa exposta cabe concluír que non existe un concepto de abono de horas extraordinarias referido ás retribucións dos funcionarios, polo que carece de cobertura legal algunha o pago de horas extraordinarias, si ben os servizos desenvolvidos fora da xornada habitual deben ser retribuídos mediante gratificacións por servizos extraordinarios despois de que tales servizos sexan realizados fóra da xornada normal.

III.- Ámbito do Concello de Vigo.-

Nas instrucións de plantilla vixentes, no apartado cuarto a) servizos extraordinarios, regula a fórmula de cálculo da hora extraordinaria, aboándose de acordo ao previsto no Acordo Regulador das condicións de traballo. Tal como consta no informe técnico anexo ao expediente “No ámbito normativo interno para o funcionamento de esta organización municipal, a gratificación por servizos extraordinarios se atopa regulada no art 13 do Acordo Regulador das condicións socioeconómicas dos traballadores o servizo do Concello de Vigo, aprobado en data 28/12/1998, prorrogado para o vixente exercicio, e no Convenio colectivo de los empleados integrados en el cuadro de personal del Ayuntamiento de Vigo (BOP 11/3/1999), no que se dispón: “Consideranse como servizos extraordinarios aqueles que excedan da xornada normal de traballo en cómputo mensual e só se autorizarán por necesidades do servizo, en caso de que as funcións deste non poidan ser realizadas dentro da xornada normal de traballo polo persoal dispoñible.

O empregado poderá compensalo con descanso no momento en que o considere oportuno, salvo necesidades do servizo debidamente xustificadas. Tamén poderá solicitar que se lle acumulen como permiso para anticipa-la súa xubilación, para estes efectos establecerase o corresponde rexistro na Unidade de Persoal.

/.../



Concello de Vigo

As horas extraordinarias non compensadas con descansos unha vez transcorridos catro meses desde a súa realización aboaranse por cuatrimestres naturais ó valor do importe da hora normal de traballo.”

Na Disposición Transitoria sexta apartado Terceiro recollese que: “As horas en exceso sobre a xornada normal de traballo que se produzan ao longo do ano compensaranse preferentemente con descansos. Non obstante, cada cuatrimestre, aboaranse como gratificación por servizos especiais, aquelas en que transcorridos mais de catro meses desde que se realizaron, non puideron ser compensadas por motivo do servizo.

Dita gratificación por xornada en exceso aboarase ao mesmo importe que o desconto proporcional de retribucións, dividendo as retribucións fixas e periódicas do empregado no mes correspondente por 30 días e o seu resultado por 7.15 h. O valor así obtido, multiplicarase polas realizadas en exceso.

O seu importe incrementarase cos recargos que procedan por nocturnidade, domingos e festivos”.

En conclusión, a regulación de cálculo e recargas está definido nas Instrucións da Plantilla, tendo a súa causa nos pactos e acordos acadados no Convenio Regulador Vixente. Establecéndose a súa base sobre as retribucións fixas e periódicas mensuais, nas que non están, as pagas extraordinarias por non ter esta condición, sen que se poida establecer unha analoxía coas retribucións do persoal laboral en canto ao cálculo da contía da hora extraordinarias previstas no ámbito privado pero non para os funcionarios públicos. En atención a todo o exposto, procede desestimar as solicitudes.”

- En atención aos mesmos argumentos e toda vez que as alegacións do recurso non desvirtúan o xa manifestado no acordo da Xunta de goberno local agora recurrido, procede a desestimación do recurso.

Atendendo aos fundamentos xurídicos anteriores, e visto o Recurso interposto e de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Común das Administracións Públicas, e vistas as competencias recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- Desestimar de conformidade con Informe-Proposta que antecede e pola motivación legal exposta, o recurso de reposición, interposto polo funcionario interino nº persoal 16515 (doc nº 180184074)

Segundo.- Notifíquese o presente acordo ao recorrente.

Contra a presente resolución, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(1423).- PROPOSTA DESESTIMATORIA DE RECOÑECIMENTO DE DEREITO A PERMANECER NAS BOLSAS DE CONTRATACIÓN DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO, ADMINISTRATIVO E TÉCNICA DE XESTIÓN DE ADMINISTRACIÓN XERAL DA EFECTIVA CON NÚM. DE PERSOAL 82887. EXPTE. 33042/220.

Dáse conta do informe-proposta do 03/12/18, asinado pola técnica de Administración da Área de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- En data 14/11/2018 a Sra. Pérez González C., con DNI *****610 presenta escrito (nº doc 180182742) solicitando, permanecer activa nas listas de reserva nas que figura, (auxiliar de administración xeral, administrativo/a, e técnico/a de xestión), así como que se reúna a Comisión de seguimento de utilización das listas.

II.- A solicitante, xa presentara escrito na data 05/11/2018 (nº doc 180176771), dando lugar ao expte 32916-220, que finalizou con acordo da Xunta de Goberno Local de 16/11/2018 desestimando a súa solicitude.

III.- A Sra. Pérez González C. cumpriu os 65 anos de idade o día 31/03/2018.

IV.- A Sra. Pérez González C., foi nomeada como funcionaria interina por acumulación de tarefas (art. 10.1.d) TREBEP) nas seguintes condicións:

- data de inicio da relación: 15/05/2018.

- Data fin da relación: 14/11/2018.

-praza: Técnico de Xestión, Subgrupo A2

V.- Por Resolución do Concelleiro de Xestión Municipal de data 20/09/2018, se resolveu "Autorizar a prórroga no servizo activo da empregada municipal interina por acumulación de tarefas (art. 10.1.d) TREBEP), Sra. Pérez González, con nº de persoal 82887, técnica de xestión, adscrita ao posto da mesma denominación no Servizo de Animación Sociocultural ata a finalización da súa relación laboral 14/11/2018, nos termos da solicitude formulada polo interesado e de conformidade cos fundamentos xurídicos expresados."

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Con carácter previo resulta necesario deixar constancia de que o presente informe-proposta emítese ao abeiro do disposto no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de



Concello de Vigo

novembro, conténdose no mesmo a interpretación razoada e fundada en Dereito –xurídica, doutrinal e xurisprudencialmente motivada- da funcionaria suscribinte, na súa condición de técnico de Administración Xeral (rama xurídica) do Concello de Vigo; interpretación xurídica debidamente razoada ou argumentum ad iudicium que, como toda interpretación, resulta susceptible de ser contradita ou debatida coa correspondente argumentación xurídica a sensu contrario.

Por tal motivo, estímase necesario indicar que o órgano competente pode recabar, se así se estima oportuno e procedente, informe ou asesoramento adicional por parte do órgano responsable do asesoramento ao Alcalde e á Xunta de Goberno Local, nos termos do preceptuado no artigo 129 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Reprodúcese parte do acordo da Xunta de Goberno Local de data 16/11/2018 xa que a Sra. Pérez González, reitera en parte a mesma solicitude que xa presentara o 05/11/2018 (nº doc 180176771), dando lugar ao expte 32916-220, que finalizou con o citado acordo.

“II.- Os funcionarios interinos, nomeamento e cese.

O funcionario interino é unha das modalidades de empregados públicos que se caracteriza polo carácter temporal e público do seu vínculo coa Administración.

O lexislador regulou o réxime xurídico da interinidade establecendo que os nomeamentos interinos unicamente están xustificadas en casos excepcionais de indubidable e estricte necesidade, nos que resulte inaprazable a cobertura dun posto, e que os mesmos solo se poden realizar por un tempo determinado, que será o imprescindible para que as prazas correspondentes podan cubrirse por funcionarios de carreira.

Así o artigo 10.1 do TREBEP prevé catro supostos tasados para o nomeamento dos funcionarios interinos.

“a) La existencia de plazas vacantes cuando no sea posible su cobertura por funcionarios de carrera.

b) La sustitución transitoria de los titulares.

c) La ejecución de programas de carácter temporal, que no podrán tener una duración superior a tres años, ampliable hasta doce meses más por las leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo de este Estatuto.

d) El exceso o acumulación de tareas por plazo máximo de seis meses, dentro de un periodo de doce meses.”

Así mesmo tamén as causas do cese están determinadas e sometidas necesariamente ao réxime xurídico específico previsto no artigo 10.1 do TREBEP, o que limita as potestades autoorganizativas da Administración nos nomeamentos. Como regra xeral, o cese ten que producirse cando finalice a causa que motivó o nomeamento e, no seu caso, cando se produce algún dos supostos tasados que motivan a extinción do vínculo que une aos funcionarios de carreira coa Administración.

Así o artigo 10.3 do TREBEP “El cese de los funcionarios interinos se producirá, además de por las causas previstas en el artículo 63, cuando finalice la causa que dio lugar a su nombramiento”

O artigo 63 establece como unha das causas de perda da condición de funcionario de carreira a xubilación total do funcionario (apartado c). Pola súa banda a xubilación dos funcionarios ben regulada no artigo 67 do mesmo corpo legal, o cal determina:

“1. La jubilación de los funcionarios podrá ser:

a) Voluntaria, a solicitud del funcionario.

b) Forzosa, al cumplir la edad legalmente establecida.

c) Por la declaración de incapacidad permanente para el ejercicio de las funciones propias de su cuerpo o escala, o por el reconocimiento de una pensión de incapacidad permanente absoluta o, incapacidad permanente total en relación con el ejercicio de las funciones de su cuerpo o escala.

2. Procederá la jubilación voluntaria, a solicitud del interesado, siempre que el funcionario reúna los requisitos y condiciones establecidos en el Régimen de Seguridad Social que le sea aplicable.

3. La jubilación forzosa se declarará de oficio al cumplir el funcionario los sesenta y cinco años de edad.

No obstante, en los términos de las leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo de este Estatuto, se podrá solicitar la prolongación de la permanencia en el servicio activo como máximo hasta que se cumpla setenta años de edad. La Administración Pública competente deberá de resolver de forma motivada la aceptación o denegación de la prolongación.

De lo dispuesto en los dos párrafos anteriores quedarán excluidos los funcionarios que tengan normas estatales específicas de jubilación.

4. Con independencia de la edad legal de jubilación forzosa establecida en el apartado 3, la edad de la jubilación forzosa del personal funcionario incluido en el Régimen General de la Seguridad Social será, en todo caso, la que prevean las normas reguladoras de dicho régimen para el acceso a la pensión de jubilación en su modalidad contributiva sin coeficiente reductor por razón de la edad.

Pola súa banda os requisitos xerais de acceso ao emprego público e adquisición da relación de servizo, ven regulados no Capítulo I do Título IV do TREBEP, entre os que se atopa “no exceder, en su caso, de la edad máxima de jubilación forzosa, para el acceso al empleo público” (artigo 56.1 c)

III.- Os funcionarios interinos e a xurisprudencia.

Certamente a figura do funcionario interino sufriu un cambio importante na súa regulación a partir do Acordo marco sobre o traballo de duración determinada. A cláusula 4 do citado Acordo, regula o principio de igualdade de trato, segundo o cal as condicións de traballo dos funcionarios interinos e do persoal eventual serán as mesmas que as dun funcionario de carreira comparable en cada caso, salvo que existan razóns obxectivas que xustifiquen un trato distinto.

Este principio foi recollido tamén expresamente polo Tribunal Constitucional 104/2004, de 28 de xuño, STC 232/2015, de 5 de novembro e a a STC 71/2016, de 14 de abril. Segundo esta doutrina constitucional, si ben a duración do contrato non é un factor desdeñable á hora de establecer certas diferencias entre funcionarios interinos e de carreira, as diferencias deben



Concello de Vigo

ter seu orixe en datos obxectivos relacionados coa prestación do traballo ou o seu réxime xurídico que as expliquen razoablemente.

A partir de ahí, a xurisprudencia foi ampliando notablemente o ámbito dos dereitos dos funcionarios interinos, especialmente os dereitos retributivos e de carreira profesional. Así dentro do concepto xurídico de condicións de traballo, no sentido da cláusula 4.1, do Acordo marco, foron incluídos algúns dereitos relacionados coa carreira administrativa, a mobilidade, as retribucións, trienios (actualmente recoñecido para os funcionarios interinos no artigo 25.2 do TREBEP), ...

Agora ben, o carácter temporal dos nomeamentos, ven sendo reiterado na xurisprudencia, así, a título de exemplo, a STSJ de Cataluña de 2 de abril de 2014, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 4ª, "Es bien sabido como la interinidad es un sistema excepcional de provisión de puestos de trabajo que se lleva a cabo de forma no permanente y en atención a razones de urgencia. La interinidad no supone nunca permanencia, sino provisionalidad o temporalidad en el desempeño de una determinada función, en atención a las circunstancias objetivas que pueden concurrir y siendo precisa su provisión, la Administración Pública acude a la interinidad hasta que se cubra la plaza por el procedimiento de provisión que corresponda y por funcionario de carrera. La situación de interinidad, provisional por su propia naturaleza, puede cesar en cualquier momento, sin que existan garantías ni compromiso alguno por parte de la Administración Pública de su prolongación en el tiempo". No mesmo senso "los rasgos característicos de esta clase de personal son: la provisionalidad o transitoriedad de la relación de servicio pues se trata de cubrir una necesidad transitoria de la Administración; y que los puestos de trabajo a desempeñar son los propios del funcionario, por lo que no pueden cubrirse mediante contratos temporales. El funcionario interino participa de manera temporal en la Función Pública, pero no se incorpora de manera definitiva a la misma. Estos funcionarios interinos no participan de la seguridad en el empleo." (STSJ de Cataluña de 2/07/2013, Sala de lo Contencioso-Administrativo, Sección 4ª).

IV.- Criterios de xestión das listas de reserva no Concello de Vigo.

Os criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do concello de Vigo (Expte: 26797-220), establece no punto I que: "As listas de reserva están integradas pola bolsa de persoas que superaron, sen dereito a obter praza, a totalidade de exercicios integrantes dos procesos selectivos executados para a provisión das prazas convocadas en cada Oferta de Emprego Público (OEP).

Integran igualmente as listas de reserva a bolsa de persoas que superaron, sen dereito a ser nomeadas, a totalidade de exercicios integrantes dos procesos selectivos executados para a selección de funcionariado interino en calquera das modalidades previstas no artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do Estatuto Básico do Empregado Público; Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia (artigos 23 e 200); Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (artigos 100 a 102) e demais normativa de concordante e procedente aplicación."

Pola súa banda o punto III dedicado ao funcionamento da lista de reserva dispón "As persoas integrantes das lista de reserva deberán reunir os requisitos legais e os termos e condicións establecidos nos presentes criterios para poder ser nomeados no momento en

que se proceda á sinatura da orde de incoación do expediente administrativo de nomeamento, sendo ésta orde de incoación a referencia temporal ao efecto, rexéndose polo establecido no RD 2568/1986, do 28 de novembro.”

V.- Aplicación ao caso concreto.

A Sra. Pérez González presenta escrito no que solicita se lle recoñeza o dereito a permanecer nas bolsas, así como que se reúna a Comisión de seguimento das bolsas de contratación.

Fundamenta a súa petición nos mesmos motivos que o primeiro escrito presentado, engadindo unha certificación do Instituto Nacional da Seguridade Social que non desvirtúa as conclusións alcanzadas como expoñeremos a continuación.

Neste punto e para responder a petición, volvemos a referirnos á Sentencia do Tribunal Superior de Galicia de data 20/04/2015 (rec 61/2005), “Debe destacarse que uno de los supuestos en que no es aplicable a los funcionarios de empleo el régimen jurídico de los funcionarios de carrera es el relativo al derecho a la permanencia en la función, que lógicamente comprende el derecho a la prolongación en el servicio activo, pues este derecho es incompatible con el carácter transitorio del personal interino, el cual ha de cesar - cuando la plaza que ocupa sea cubierta por un funcionario de carrera. **Por tanto, si con antelación se accediese a la petición de prolongación en servicio activo de quien es personal interino sería tanto como reconocerle una vinculación permanente, porque el servicio activo implica el desempeño de un puesto de trabajo o la ocupación de una plaza** (artículo 3.1.a del RD 365/1995 y 3.1.a del Decreto autonómico 92/1991) y la Administración no puede asumir el compromiso de que el solicitante desempeñará un puesto u ocupará una plaza hasta los 70 años, dada su condición de personal interino. El mismo condicionamiento que se establece en la parte dispositiva de la sentencia de primera instancia revela esa imposibilidad de compromiso futuro. Por lo demás, el servicio activo es una de las situaciones administrativas recogidas en el artículo 2 del RD 365/1995 y 2 del Decreto autonómico 92/1991, de 20 de marzo, y precisamente la prolongación voluntaria en dicha situación hasta los 70 años es lo que permite el artículo 33.2 de la Ley 30/1984 (habla expresamente el art. 33.2 de la prolongación en esa "situación") y lo que solicita la actora en su escrito de 16 de julio de 2004 (folio 10 del expediente); sin embargo, los funcionarios interinos no disfrutan de dichas situaciones administrativas, las cuales constituyen auténticos derechos subjetivos ex lege tan sólo predicables respecto del funcionario de carrera, en tanto que el interino, cuando no pueda permanecer desempeñando el puesto en servicio activo, no podrá optar por pasar a otra situación administrativa sino que debe cesar en el desempeño. De hecho, la Ley de 1964 regula las situaciones administrativas en el título III, rubricado "funcionarios de carrera", en tanto que a los funcionarios de empleo les dedica el título IV.” Ante a claridade das palabras do noso Tribunal Superior, non temos nada que engadir.

Polo que respecta á certificación do Instituto Nacional da Seguridade Social de 13/11/2018, non aporta nada novo ao anterior. No mesmo consta literamente que a solicitante “no reúne las condiciones establecidas en el artículo 205.1 b) de la Ley General de la Seguridad Social, aprobada por Real decreto legislativo 8/2015, de 30 de octubre, relativas a período mínimo de cotización para acceder a la jubilación ordinaria.” Pero o feito de non reunir as condicións para acceder a pensión de xubilación ordinaria, non desvirtúa o dato obxectivo de que a solicitante teña cumprido a idade na que de oficio e de conformidade co artigo 63.3



Concello de Vigo

do TREBEP (“**La jubilación forzosa se declarará de oficio al cumplir el funcionario los sesenta y cinco años de edad.**”), hai que declarar a xubilación forzosa. Como tampoco desvirtua que entre os requisitos xerais de acceso ao emprego público e adquisición da relación de servizo, conste expresamente “no exceder, en su caso, de la edad máxima de jubilación forzosa, para el acceso al empleo público” (artigo 56.1 c).

En canto a petición de que se reúna a Comisión de seguimento das bolsas de contratación, a fin de emitir informe sobre o dereito a permanecer nas bolsas de contratación, dicir que a solicitante non está lexitimada para solicitar a reunión de dita Comisión, Comisión que por outra banda, ten por finalidade velar polo efectivo cumprimento dos criterios de xestión das listas de reservas, non emitir informes. Engadir que a solicitude da Sra. Pérez González ten que ver estritamente con un tema de aplicación da legalidade ordinaria e non de interpretación dos criterios de xestión das listas. Por último engadir que o propio acordo de aprobación de criterios de xestión das listas, indica “in fine” que as relacións entre as persoas integrantes das listas de reserva que poidan ser nomeadas como funcionariado interino e o concello de Vigo seranlles aplicables, en todo caso o Dereito administrativo, sendo impugnables os actos e acordos dictados no ámbito material indicado perante a Xurisdición Contencioso-Administrativa, nos termos do previsto na Lei 29/1988, do 13 de xullo, e normativa de concordante e procedente aplicación.

VI.- Conclusións.

Do exposto, e polo que aquí respecta, cabe concluír que:

- . Os funcionarios interinos carecen de vinculación permanente e, en consecuencia a xurisprudencia ven considerando que non poden ser equiparados aos funcionarios de carreira.
- . Aos funcionarios interinos lles será aplicable por analoxía e polo principio de igualdade de trato, en canto sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira. Pero, tendo en conta a natureza da condición dos funcionarios interinos, e o que os caracteriza é precisamente a provisionalidade ou transitoriedade da relación de servizo.
- . O dereito á permanencia na función, comprende o dereito á prolongación no servizo activo, e este dereito é incompatible co carácter transitorio do persoal interino. A permanencia no servizo activo implica necesariamente o desempeño dun posto de traballo ou a ocupación dunha praza.
- . Os requisitos xerais de acceso ao emprego público e adquisición da relación de servizo, ven regulados no Capítulo I do Título IV do TREBEP, entre os que se atopa “no exceder, en su caso, de la edad máxima de jubilación forzosa, para el acceso al empleo público” (artigo 56.1 c).
- . De conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do concello de Vigo, as persoas integrantes das listas de reserva deben cumprir os requisitos legais para poder ser nomeados, no momento en que se proceda á sinatura da orde de incoación de expediente administrativo.
- . Non cumpre os requisitos legais para poder ser nomeadas, as persoas que exceden da idade máxima de xubilación forzosa.

. A Comisión de seguimento das listas de reserva, ten por finalidade velar polo efectivo cumprimento dos criterios de xestión das listas de reservas, non emitir informes. A solicitude da Sra. Pérez González ten que ver estritamente con un tema de aplicación da legalidade ordinaria e non de interpretación dos criterios de xestión das listas.

VII.- Réxime competencial e proposta de acordo.

De conformidade coas competencias recollidas no artigo 127.1, apartado h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para a xestión do persoal e para o exercicio daquelas competencias que en materia de persoal non estean expresamente atribuídas a outro órgano municipal.

Por tanto, e coa conformidade do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal (Decreto da Excma. Alcaldía de data 19/06/2015 e Acordo da XGL de 19/06/2015) elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Desestimar a solicitude presentada na data 14/11/2018 pola Sra. Pérez González C. (nº doc. 180182742).

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo á solicitante, ao persoal técnico de Recursos Humanos e Formación, así como ao persoal administrativo encargado da verificación das listaxes de reserva aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social .

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(1424).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE CARNE PARA A FAUNA DE VIGOZOO. EXPTE. 9568/612.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 19/11/18 e o informe de fiscalización do 27/11/18 , dáse conta do informe-proposta de 16/11/18, asinado polo director de Réxime Interior de Vigoo-Zoo, a concelleira-



Concello de Vigo

delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES:

Con data 24 de outubro do presente ano, se informa da necesidade de iniciar expediente de licitación para a contratación do subministro de carne para a fauna animal no servizo de VigoZoo que se ven prestando a través da modalidade de Contrato Menor, debido a que o anterior procedemento de licitación declarouse deserto de acordo coa resolución da Xunta de Goberno Local na súa sesión de 11/10/18.

A xustificación do inicio do mesmo ven dado a necesidade de contratación do subministro de carne para manutención da fauna deste Servizo de VigoZoo, nunha previsión de maior axilización na tramitación e maior control e xestión das contratacións, así como tratarse de subministro de tracto sucesivo, se estima a posibilidade de iniciación dun único procedemento de licitación para o subministro de carne para o consumo dos animais de VigoZoo.

En cumprimento do art. 28 da LCSP, a necesidade de facelo se xustifica en que para a manutención da fauna deste servizo de VigoZoo é imprescindible e necesario a contratación cunha empresa de subministro de carne para garantir dito subministro e preservar a saúde da fauna do Parque, tendo en conta que o subministro de tales alimentos superan os importes máximos establecidos por normativa para poder executalo gasto a través de contrato menor.

Como consecuencia do anterior, con data de 29 de outubro, a Concelleira de Área de Medio Ambiente e Vida Saudable, da orde de inicio para que por parte do servizo de VigoZoo, se inicie o expediente para a contratación do subministro de carne para a fauna animal de VigoZoo.

No proceso licitador se seguirán os criterios establecidos pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público polo que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP).

En vista do anterior dende este servizo se elabora memoria xustificativa e prego de prescricións técnicas para dar traslado do expediente de referencia ao servizo de Patrimonio e Contratación para a elaboración do prego de cláusulas administrativas particulares.

No expediente de contratación consta a seguinte documentación:

1. Informe sobre a necesidade do contrato asinado polo Veterinario de VigoZoo o 23 de outubro de 2018 e pola Concelleira de Medio Ambiente o 24/10/18.
2. Orde de inicio da Concelleira Delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable para o inicio do expediente do 29 de outubro de 2018.
3. Memoria xustificativa dos aspectos esixidos pola lexislación de contratos asinada polo Veterinario de VigoZoo o 5/11/18 e a Concelleira Delegada de Medio Ambiente e Vida Saúdable o 12/11/18.
4. Prego de prescricións técnicas particulais asinado polo Veterinario do Zoo o 5/11/18.

5. Informe emitido pola xefa do Servizo de Contratación sobre a comprobación documental do expediente asinado o 13/11/18.
6. Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) asinado pola xefa do Servizo de Contratación o 13/11/18.

2.- Condicións definitorias do contrato:

a) Obxecto e cualificación xurídica do contrato

O obxecto do contrato consiste, segundo o apartado 2A da FEC, na adquisición de carne para o consumo da fauna animal no parque zoolóxico de VigoZoo de acordo coas características previstas no PPT.

b) Forma de tramitación e procedemento de adxudicación

A forma de tramitación do expediente é a ordinaria e o procedemento de adxudicación o aberto simplificado abreviado, en aplicación do artigo 159.6 da LCSP, polo que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.

Trátase, ademais, dun procedemento de anticipado de gasto.

c) Orzamento e base de licitación

Sínálase o orzamento base de licitación (23.276,00 €), o importe do IVE a soportar pola Administración (2.116,00 €) e o valor estimado (33.856,00 €). A execución do contrato abrangue 2 anualidades (IVE incluído):

- ano 2019: 10.668,17 €
- ano 2020: 11.638,00 €
- ano 2021: 969,83 €

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, incluídos na aplicación orzamentaria 3371.221.05.01 “Carne equina”,

Este contrato non suporá desequilibrio orzamentario xa que o gasto contemplado no presente orzamento é superior ao previsto nesta contratación e non afectará á sustentabilidade financeira do Concello. Por outra banda, este gasto é recorrente dentro das previsións de gasto deste servizo nos derradeiros anos.

d) Xustificación da necesidade e idoneidade do contrato

En cumprimento do art. 28 da LCSP, velarase pola eficiencia e o mantemento dos termos acordados na execución dos procesos de contratación pública, se favorecerá a axilización de trámites, se valorarán a innovación e a incorporación de alta tecnoloxía como aspectos positivos no procedemento de contratación e se promoverá a participación da pequena e mediana empresa e o acceso sen custo á información, nos termos previstos na LCSP.

Esta prestación de subministros nas instalacións de VigoZoo poden encadrarse na necesidade de satisfacer por parte da Administración o desenvolvemento das actividades municipais para promover a cultura e a ocupación do tempo libre nos locais en que se desenvolven actividades municipais.



Concello de Vigo

e) Prazo de execución e prórrogas

O prazo de execución é de 2 anos, establecéndose unha prórroga dun ano de duración, en cumprimento do previsto no artigo 29 da LCSP.

f) Réxime de pagamentos

Prevese expresamente o réxime de pagamentos, de xeito que realizárase trala entrega do subministro solicitado, previa presentación da factura correspondente.

Nestas facturas deberá indicarse o produto subministrado, a cantidade e o prezo do mesmo, e debe acompañarse da seguinte documentación: copia do albarán de entrega da mercancía asinado polo responsable do contrato, documento comercial para movementos nacionais de SANDACH e informe de trazabilidade da mercancía.

g) Clasificación / Solvencia

A clasificación non é obrigatoria

h) Responsable do contrato

O responsable do Contrato será o Veterinario do Servizo de VigoZoo.

j) Seguro

O Adxudicatario deberá acreditar a posesión de responsabilidade civil por unha contía mínima de 100.000 € para cubrilas contingencias que se puideran producir derivadas da prestación do subministro.

3.- Criterios de adxudicación e ponderación

Na memoria xustificativa para a contratación deste servizo asinada o 12/06/18 polo Veterinario do Servizo VigoZoo e a Concelleira Delegada de Medio Ambiente se explican e motivan os criterios elixidos e a súa vinculación co obxecto do contrato.

No apartado 6 das FEC prevese a valoración de máis dun criterio:

CRITERIOS AVALIABLES A TRAVÉS DE FÓRMULA:

- 1.- Redución do prezo: ata 75 puntos.
- 2.- Redución do despece mínimo previsto no PPT (30 kg): valorarase con ata 20.
- 3.- Redución do prazo de entrega mínimo previsto no PPT (10 días): valorarase con ata 5 puntos.

A fórmula para valorar estes criterios remítese á cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas.

4.- Revisión de prezos:

Non procede xa que se estima por parte deste servizo xestor que os prezos actuais manteranse sen grandes modificacións nos próximos anos.

PROPOSTA:

Por todo o exposto anteriormente propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación competente de acordo co previsto na disposición adicional 2ª.4 da LCSP, previa incorporación pola Intervención Xeral do documento contable referido á existencia de crédito para o financiamento do servizo, que adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto simplificado abreviado e tramitación ordinaria do subministro de carne para consumo da fauna animal no servizo de VigoZoo (exp. 9568-612).

SEGUNDO.- Aprobar o prego de prescricións técnicas que rexerá a contratación, redactado polo Veterinario de VigoZoo con data 5/11/18 e o prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 13/11/18.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto por un importe máximo de 23.276,00 €, sendo o importe correspondente ao IVE a soportar pola Administración (2.116,00 €) e a anualidade máxima de 2019 será de 10.668,17 €. A financiación do contrato de subministro será a cargo da partida 3371.221.05.01 "Carne animais".

CUARTO.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(1425).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

ME/mm.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Nuria Rodríguez Rodríguez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez